

# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 107 \* DO 23 AO 29 DE MAIO DE 1980 \* 40 Pts.



**Fusión nas Caixas  
COMO CONTROLAR GALICIA**

**A lei básica de "emprego"**

**O DEBATE ESPAÑOL**

**Miami volvese contra USA**

**Emilio Prado**

**A RADIO, PAN DE CADA DIA**

## LAVADORES, OUTRA "RUSIA CHIQUITA"





A. P., "CARA O FUTURO"

Un "Servicio especial de ferio" para el "El Correo Gallego" titulado "Victoria Fernández España visitó Puebla del Caramiñal", dá a medida do diferentes que sos as crónicas periodísticas cando se fala de especimes desta casta e cando se fala, verbigrácia, do BN-PG e a consabida "en su opinión", "obxectividade" e "apoliticismo" da prensa.

"La facilidad de expresión de María Victoria era notable. Su vervo fluía rápido y preciso, concretando los últimos acontecimientos que la prensa comentaba en cuanto a la muerte de los guardias civiles..." Epico. "... Sí puedo garantizar que hou en día Manolo Fraga es la única cabeza del partido".

Todo un priropo para o partido.

"Creo que estos momentos son los momentos de Alianza Popular, porque tiene un líder sabio y que, además, sabe ponerse los pantalones". Sempre é útil.

"Queremos hacer esa reforma de la Constitución y no cesaremos hasta que se lleve a cabo, pues entendemos que la gente

no ha entendido el proceso democrático, ya que si hubieran puesto a la Mula Francis la votarían".

Con esa idea que M. Victoria tén da nosa xente, ben pode esperar que Fraga chegue a Presidente.



Ilustracións: FIZ VALCARCEL

PUNTUALICEMOS

Suárez, na sua elocución primeira no debate constitucional, dixo moitas cousas interesantes. Nun momento dado, lembroulle

aos grupos parlamentarios "maioritarios" o acatamento prometido á Constitución. "No se contribuye al prestigio de la Ley cuando se cuestiona su legitimidad en movilizaciones populares o se afirma que una ley recién aprobada nace muerta. La ley puede ser criticada, pero junto a cualquier apreciación es preciso proclamar la obligación de cumplirla".

Eso, o que queira contribuir ao prestixio da lei. Digo eu.

UNHA MAN A QUIROGA

Xa hai ao pé quince días que Quiroga non tén que parar durante un viaxe para auxiliar a un accidentado. Xa hai, polo tanto, ao pé de quince días que Quiroga non sal na primeira páxina da prensa diária. Para que o Presidente da Xunta non perda actualidade, é que o quitamos esta semana no "Poleiro Alleo".

OBRIGAS QUE NON PERDOAN

Foi en "El Correo Gallego" do martes 20. "Lo que tenía que pasar, pasó. Los blancos se alzan con su título de Liga número veinte. Los guipuzcoanos han de esperar mejor ocasión. Y no se les van a pre-



sentir muchas tan favorables. En Sevilla se dejaron el Campeonato hace ocho días, ellos solos. No cabe culpar a meigas".

Non a meigas non. Sinxelamente, xa o di o comentarista, o que TIÑA que pasar, pasou. Se non chega a pasar.....

QUE NON SE DIGA

Despois da CEOE, o Goberno en persoa quixo "pactar" coa UGT. Falaron de toda unha serie de cousas, e Nicolás Redondo declaraba que se chegara a acordos moi importantes de cara a

faceren máis reunións e discutiren cousas concretas. Duas cousas si quedaron craras (e recellemos de "El Progreso" do 17 de Maio): que a UGT ten dereito ao seu patrimonio histórico, e no da redución da idade de xubilación aos 64 anos, "... el Gobierno lo ha asumido y ha afirmado que es muy probable que entre en vigor dentro de este mismo año".

Xa se sabe que a anterior idade de xubilación estaba nos 65 anos. Que non se diga das reivindicacións da UGT



Promocións Culturais Galegas, S.A. editora do periódico galego semanal A NOSA TERRA, convoca a todos os suscriptores, colaboradores e lectores en xeneral, a unha xuntanza a celebrar o sábado 24 de maio as 11 da mañán na Facultade de Económicas de Santiago para tratar dos seguintes temas:

- 1.- Os primeiros 100 números de A NOSA TERRA. A nosa historia á análise.
- 2.- Proxectos e innovacións no Semanario.
- 3.- Ampliación do ouxeto social da Editorial. -Edición da Revista de Sócio-pedagogía O ENSINO.

SUBSCREBASE A  
A NOSA TERRA



*En 1977 nace a idea de integrar as Caixas Galegas nunha única entidade escomezándose os contactos entre os Presidentes e Directores das sete.*  
*As conversas para a fusión da de Ferrol, de quen partiu a primeira idea, coa da "Coruña y Lugo". Cristalizando rapidamente. A roda seguiría coa de Santiago, cuxa fusión ben de producirse hai poucos días*  
*Coas restantes Caixas non hai acordos, pospondo as conversas para máis adiante.*  
*Unha destas entidades que non querían a fusión era a de Pontevedra e agora, de súpeto, prodúcese a fusión coa caixa de Aforros de Galicia.*  
*Segundo algúns esta fusión foi unha manobra para seguir cada quen controlando a Caixa na zona de Pontevedra. O Sr. Encinas, dos "Ex-Combatientes", concentrando case todo o poder dende había algun tempo, para non quedar descolgado coa fusión, empezou as conversas pola súa conta, pero a manobra foi paralizada por Durán, para serguidamente e despois dunha viaxe a Madrid ser el quen anunciase a definitiva fusión. O Sr. Durán foi colocado na Caixa por UCD, da que é un dos seus homes fortes*  
*Tamén hai quen afirma que detrás destas fusións está a resolución que ten UCD de controlar todos os resortes do poder. O caciquismo de agora sería un caciquismo económico.*  
*Segundo os representantes destas Caixas "este é un gran momento para Galicia... as caixas serán os verdadeiros entes económicos..."*  
*Abofé que a cousa non variará moito. Se mans que rixen son as mesmas, os cartos seguiráos invertindo o INI en empresas de fora de nosa nación.*

## FUSION NAS CAIXAS COMO CONTROLAR GALICIA

A derradeira semana o Sr. Durán Martínez, anunciaba a fusión da Caixa de Aforros de Pontevedra, da que é titular do Consello de Administración, coa Caixa de Aforros de Galicia. Días antes afirmaba que non había nada de citada operación. Atrás quedaba, segundo nos informaron, unha visita a Madrid e presións diversas.

Fontes dignas de crédito opinan, asemade, que detrás de todo isto está unha manobra para controlar os medios de decisión económicos.

### AS EMPRESAS DE UNS E OUTROS

Ao cesar nos derradeiros anos Gil Muñoz, a Caixa de Pontevedra, que depende da Diputación, queda case totalmente nas mans de Encinas Dieguez, anterior Gobernador Civil e Xefe Provincial dos "Ex-Combatientes". Fai uns meses impuxose un novo relevo no consello de administración e UCD alá oficial, logrou meter, non sen oposición, ao Sr. Durán Martínez, Alcalde da Estradae, segundo todos os indicios, o home forte de UCD no centro da provincia pontevedresa.

Segundo as mesmas fontes, o Sr. Encinas ao verse desbancado do poder escomenza unha manobra consistente en fusionarse coa Caixa de Galicia, cousa que anteriormente se negara a facer e que, mesmamente, negaba namentras se realizaban as conversas, co obxecto de ser o mentor da devandita operación e con-

querr así algun posto sustancioso. Pero esta operación foi paralizada polo Sr. Durán.


E de súpeto, o Sr. Durán o que aparece como abandeirado desta fusión e pídelle consultas aos empregados sobre tal operación que segundo algúns se decidira en Madrid nun recente viaxe seu, para gañarse en confianza.

### FUSION: UNHA POLITICA DO PODER

En agosto de 1975 o Ministerio de Hacienda sacaba un decreto (1838/1975) sobre a fusión das Caixas. En 1977 nace a idea en Galicia, propiciada pola Caixa de Ferrol e Caixa de Monte de Piedad, de la Coruña y Lugo, reuníndose os representantes das sete caixas galegas. En decembro de 1979 sai unha orde ministerial pola que as Caixas podían estabecerse fora das suas fronteiras "regionales" sempre que o saldo sobrepasase os 50.000 millóns. Os contactos que escomezaran no setenta e sete intensificáanse. Primeiramente fusionábase a de Ferrol coa de Coruña e Lugo, collendo o nome de "Caixa de Aforros de Galicia", desde días atrás este nome referíase tamén á de Santiago. Os contactos coas outras Caixas quedaron parados astra agora que se produciu o anuncio de fusión coa de Pontevedra.

A Caixa de Vigo dixo este ano que non se fusionaba, coa de Pontevedra. Segundo fontes laborais, a explicación que deu aos empregados o Director "que

(Pasa a páx. seguinte)



Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín; Fontenla Rodríguez, Xosé Luis; López Gómez, Felipe Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé L. Corral, Alfonso Eyré,

# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

X. M. González, X. Ramón Pousa, Lois Celeiro, Pablo Víz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrazo), Ignacio Brisset, F. Cusí, M. Merce Marçal (Países Catalans), P. Ipa-

rraguirre, Maialde (Euskadi), Xosé Luis G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández

Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Bellas, Xurxo Fernández Albán.

Dibuxos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alexandro, Loquis, C. Corredoira, X. Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torrón Fernández. Telf. 582613.

Redacción e Administración: Troia, 10-1.º - Santiago  
 Redacción: Teléfono 582681.  
 Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A."  
 Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456. Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Viguésa, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Ráfales Artal, Telf. 2433658.



(Ven da páxina anterior)

non quería saber nada mentras estivera o Sr. Encinas".

## CREAR UNHA GRAN CAIXA

"Este é un gran momento das Caixas de Galicia, que han de prestar o gran servizo que a rexión demanda delas...", decía o Sr. Durán na roda de prensa. Segundo eles o que pretenden é crear unha gran Caixa que poda loitar contra da competencia financeira "que decidida a levarse os aforros a outras terras..."

No sistema capitalista no que se moven as Caixas, son unha institución máis do sistema, o que van buscando prioritariamente é unha rentabilidade. A concentración do capital é unha forza de buscar a rentabilidade ao poder competir mellor, sobre de todo agora que se está liberalizando o sistema bancario, coas demais institucións.

A Caixa de Pontevedra conta cun saldo de 15.000 millóns, non podendo, pola súa conta, establecerse fora. Con esta fusión a Caixa de Galicia sobrepasa amplamente os cen mil millóns, co que se convirte nunha das primeiras do Estado. Se se logra a fusión das sete caixas galegas, a Caixa de Galicia estaría entre as tres primeiras estatais e entre os dez primeiros grupos bancarios. Anque, as cousas serían pouco máis o menos o mesmo xa que teñen as mans atadas. Por esta banda os coeficientes que teñen que cumprir estas institucións son ben diferentes aos dos Bancos. No ano 78 tiñan que ter en ventanilla e no Banco de España un 55 por cento, non fondos públicos un 38 por cen dos recursos e o 19 por cen en empréstitos e cretos, anque hai que ter en conta que baixarán un 0,5 por cento cada mes astra abril do 83. O 63 por cento dos seus recursos teñenos que ter inmovilizados e a banca só o 38 por cento.

## ¿QUE SIGNIFICA A FUSION?

Para un economista capitalista unha fusión deste tipo sempre ten que ser boa. O capital vai pouco a pouco concentrándose e ten máis forza tanto de xestión como de presión, ademais de reducir costes, menos directores xerais, supresión de certas oficinas, etc. Tamén sería máis competitiva coa banca privada ao ter meirandes recursos debía de ser meirande a cuantía e o número de cretos, de hipotecas formalizadas, etc. Tendo, asimesmo, meirandes posibilidades de fi-

nanziar novos proxectos. Isto sería en pura teoría capitalista. Din outros, se as Caixas tiveran un funcionamento axeitado e se Galicia non fora un país colonizado. Pero coa fusión ou non fusión as cousas non van cambiar. Nunca vai ser determinante que as Caixas sexan grandes ou pequenas sempre que sigan cumprindo idéntico papel.

Para algúns informantes, a fusión da Caixa de Pontevedra era un paso que se tiña que dar. Segundo eles, esta entidade non conta con ningún economista, xogando astra agora o papel de compra venta de diñeiro, agora coa liberación da banca isto tería que cambiar. Pregúntanse se hai dous meses que decían que ían moi ben, como se xustifica esta integración tan rápida, énon se sentirían o Sr. Encinas e o seu equipo incompetentes ante a nova situación?

## O PAPEL DAS CAIXAS GALEGAS

E por todos e sabido que o centro de decisión das Caixas galegas reside, como todo, en Madrid. A súa política adátase as instrucións recibidas desde a metrópoli, xogando un papel primordial na fuga de capitales galegos a outras nación do estado.

Galicia ten un aforro a carón do 20 por cento, o máis outo do estado, cando a renta per cápita é a máis pequena. Contámos cun pasivo moi alto, que os bancos e as Caixas se encargan de pólo en forma de activo noutras nacións e o pasivo é absorbido polos bancos.

O diñeiro galego serve de tónico estimulante para as empresas moribundas do INI, as Caixas teñen que invertir obrigatoriamente nesta "UVI", e estes cartos non recán minimamente na nosa nación.

As Caixas son ademais un elemento de control político, os grupos económicos e de presión procuran controlar por todos os medios estes entes. UCD está agora situando os seus peóns estratéxicamente para conquistar o control do campo galego.

O caciquismo non se pode facer como antes, váise agora a un caciquismo económico, control de cretos, axudas, favores, etc.

As Caixas van xogar un papel fundamental no control político de Galicia. Os preparativos xa empezaron.

A. EYRE

## OURENSE Contra o deterioro da medicina pública


Onte día 20 tivo lugar unha roda de prensa do BN-PG para o inicio dunha campaña que leva como lema "Contra o deterioro da medicina pública. Por unha millora da Sanidade en Ourense". Estiveron presentes Alfonso Diaz Cardama, pediatra da Seguridade Social, membro da dirección de zona da AN-PG, Miguel Calvo Estornit, adxunto da Seguridade Social e membro da Dirección Local da AN-PG, Domingo Sanchez Guisande, xefe de servizo de Medicina interna, María Sánchez Andrade, médico en paro, M. Xosé Vences, ATS da SS e mais Alfredo Suarez Canal, Diputado provincial do BN-PG. "Nos derradeiros tempos vense notando un empeoramento na asistencia sanitaria do pobo galego, en concreto o ourensán, empioramento que ven agravar aínda máis a situación sanitaria na que está o noso país. Os problemas sanitarios da zona de Ourense son basicamente fallo da infraestrutura sanitaria, (medio rural abandonado, falla de alcantarillado e de cloración da auga, vivendas no rural e nas barriadas en condicións non habitábeis, falla de medios de comunicación), elevada taxa de enfermidades infecciosas (meninxite, tuberculose, febres tifoideas, etc.), e de enfermidades carenciais (mala nutrición, anemia, raquitismo, bócio, etc.), cifra de mortalidade infantil en xeral moi por enriba das do promedio do Estado español, gran número de enfermidades mentais en relación co baixo nivel socioeconómico, emigración e co alcoholismo, falla de camas hospitalarias e de médicos ATS no medio rural e nas vilas principalmente. Estes son algúns dos problemas que configuran o nivel sanitario do pobo ourensán, o de un país terceiro-mundista. Esta situación vese agravada nos derradeiros anos debido a política colonial do Goberno español por medio de: o reparto dos presupostos na Seguridade Social, non creación de novos postos médicos e ATS no rural, índice de ocupación de camas do 125 por cen nas residencias sanitarias, naméntas que o Hospital provincial está practicamente valeiro, servindo así a intereses contrarios aos dos beneficiarios. Diante desta situación, o BN-PG vai levar unha campaña de adhesión ao mesmo tempo que ten previsto celebrar unha manifestación en Ourense en datas próximas.


## A.G.A.S., na resposta ás necesidades sociais

O 24 e 25 deste mes de maio celébrase en Vigo un curso sobre "Traballo Social e Planificación Familiar", que organiza a Comisión de Formación da "Asociación Galega de Asistentes Sociais" (A.G.A.S.). Segundo din no folleto divulgativo, "trátase así de responder á necesidade de preparación e actualización dos traballadores sociais galegos neste terreo, pra que poidan prestar un mellor servizo á comunidade".

O curso impartirano Luis Monasterio, psicólogo e presidente da Asociación de Asistentes Sociais nas catro provincias de Euskadi; Isabel González Aparicio, xinecóloga en Vigo, e Julia Menéndez del LLano, directora de Asistencia Social da Consellería de Sanidade no "Consejo Regional de Asturias" e ex-secretaria da A.G.A.S. Cada un dos días terá carácter monográfico, en base aos slogans "Sexo, sexualidade e erótica" e máis "Cara unha política de planificación familiar". E desde conceptos xerais da afirmación pracer a grupos de sensibilización corporal, pasando pola revisión dos aspectos médicos, e do que lle toca ao traballador social no eido da planificación familiar, todo o mundo que poda abranxar a interrelación que titula o curso terá o seu lugar.

Singular importancia terá a mesa redonda que remata as actividades do primeiro día. Arredor do título "Posicións e alternativas ante a problemática da planificación familiar", participarán representantes de Organismos Oficiais, estamos profesionais e de organizacións cidadás; e seguramente será o acto máis definitivo dunhas xornadas sen precedentes desde o punto de vista da realidade social do noso país.



se lle vai viaxar  
faga turismo  
na "casa" 

A SUA CASA E SUA. E VOSTEDE VIVE COMO QUER E VAI ONDE QUER. AS CARAVANAS E COMPLEMENTOS CATUSA TÈNEN TODO O QUE FAI FALLA. ASTRA O PRECIO E BON.



CARAVANAS CATUSA

E COMO UN "LAR" PARA LEVAR NAS VACACIONS E FINS DE SEMANA.

Servicio Post-Venta garantizado

 **COMERCIAL LAMAS**  
Perpetuo Socorro, 1 Telf. 217080 Lugo  
Navia Castrillón, 12 Telf. 560704 Vivero  
General Franco, 24 Telf. 450674 Puentes G. Rodríguez

**Riño**  
foto-cine 

Santo Domingo, 9  
Tfnos.: 225461-224458

LUGO

**RAJAL**

LIBRERIA - PAPELERIA  
MATERIAL TECNICO

Santo Domingo, 58  
Telf. 229554  
OURENSE



## XITANOS DE LUGO

Marxinación escudada  
na seguridade cidadá

"Nós vivimos aquí en paz, pero moita xente rouba para que nos acusen a nós. Nunca fomos a cadea porque nós non facemos nada xa que estamos ao noso, coller catro chatarras, andar na basura, facer cestos para as tendas. Todo para manter aos nosos fillos". Así nos falou o alcalde do bairro xitano do Carqueixo, contrarestando as acusacións de certos sectores cidadáns de Lugo no senso de que son eles os delinquentes, os que rouban decote....

OS XITANOS, OUTRA  
CLASE MARXINADA

En todas as cidades pódense ollar os bairros xitanos, construídos na maioría dos casos con restos de vivendas, cartóns, ... O seu xeito de vida depende do que arrapañan nos basureiros, da mendicidade. E como clase que son socialmente tópanse de continuo con dabondos problemas. E deste xeito, son acusados de delinquentes, de roubos que non chegan a cometer. Nembargantes, estes sectores que os acusan de levar a cabo este tipo de accións encobren unha vez mais o transfondo dunha problemática, dunha situación favorecida polo mesmo sistema que hoxe día, aquí en todos lares, tenta pólos como o "mal endémico da sociedade".

As familias do bairro xitano de O Carqueixo viñéronse instalar hai máis de catro anos, a carón do basureiro municipal. Por aquel entón, e para construír os seus barracóns contaron coa axuda dos Hermanos Maristas e dalgún que outro cidadán.

Pouco tempo despois, e unha vez asentados definitivamente, as madres Josefinas ían fundar a escola onde se imparten as clases aos nenos. Doutra banda, as súas vivendas contan con todos os servizos necesarios, a luz, a auga.

"ACUSANNOS DO QUE NON  
FACEMOS"

Ao longo deste tempo non se produciu ningún tipo de incidentes. Nembargantes, hai uns

días, certos sectores cidadáns de Lugo, e sobor de todo dos arredores do bairro xitano, ían pór en cuestión a permanencia destas familias no bairro.

E así, a "Comisión de Seguridade Cidadana" ven de convocar unha folga e unha manifestación para o vindeiro 26 do presente mes. José Cabana, membro da devandita Comisión, declarou que os actos de protesta non ían dirixidos contra os xitanos do bairro de Nazaret, senón contra da delincuencia, para logo engadir que "Y que quede bien claro, los ciudadanos de Lugo no somos racistas pero tampoco somos parvos ni ton-tos....".

Mesmo alguns veciños dos arredores os acusaban de roubos, ameaza....

A pesares de que nun principio ningún deles se aviña a prestar declaracións, porque "decimos unha cousa e nos xornais poñen o que lles da a gana", viñéronnos contar un pouco a súa situación diante destas acusacións e da manifestación promovida por estes sectores, a través da Comisión de Seguridade Cidadana.

"Os payos usan aos xitanos —continúa a decir o alcalde do bairro xitano— nos veñen pór os coches que eles rouban para que nos acusen a nós. Temos que sacar a verdade a relucir por enriba de todo".

Na actualidade son trinta e cinco as familias que viven no Carqueixo. Os nenos pequenos asisten a escola. Namentras, os maiores "recibimos unha hora de clase".

Ao mesmo tempo, a Comisión de Seguridade Cidadana recibía do Gobernador Civil a promesa de defensa continuada da seguridade na zona. Tamén se convocou, hai algun tempo unha marcha sobre o bairro xitano, que non chegou a realizarse.

Así as cousas, os xitanos seguen coa súa teima de non marcharse xa que eles, a pesares de que "estamos aprendendo que non nos queren aquí", tentan de continuar a desenrolar a súa vida. "Agora estamos a facer unha cañerías de auga. Temos luz eléctrica, pagamos o alquiler das nosa vivendas....".

PACO ARRIZADO



Editada por "PROMOCIONS CULTURAS GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

SUBSCREBASE DESDE XA!

Ingrese o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apelido e domicilio.

## crónica política

Indudablemente o DIA DAS LETRAS GALEGAS de 1980 pode considerarse altamente positivo, pois foi grandemente clarificador. A presenza exclusiva e masiva das propostas do nacionalismo popular na rua desenvolveuse a través de Asociacións Culturais, Asociacións de Veciños, Institutos, Colexos, Axuntamentos, que celebraron diversos actos co lema "polo dereito irrenunciábel ao uso do galego". Neste sentido, temos de suliñar os festivais organizados pola Asamble Nacional de Ensinantes, no que participaron moitos centos de rapaciños da EXB, na Coruña, Santiago e Lugo, moi especialmente, así como as comparsas reivindicativas contra o Decreto de Bilingüismo e a prol da oficialización do noso idioma que percorreron ruas da maioría das grandes vilas galegas.

A oposición aos proxectos represivos en materia lingüística do Goberno español topou amplo eco nos movementos sociais, que secundaron, dunha maneira crara, as propostas nacionalistas. A convocatória oficial fracasou estrepitosamente. Só a prensa e a TVG adicou grandes espacios á figura de Alfonso X e aos cativos actos académicos, que pasaron sen pena nen groria. O oportunismo e reaccionarismo oficialista veuse privado, nesta ocasión, de apoio popular algun, reaffirmándose así definitivamente o enfrentamento de dúas liñas que veñen oponéndose, no campo cultural, practicamente desde o ano 1975: aquela que representa o enxebrismo, o culturalismo e o oficialismo, e aquela outra que representa a reivindicación nacional e popular, os nosos dereitos colectivos en materia lingüística e cultural.

Compré suliñar, ademais, que, coincidindo con esta data, houbo un aumento significativo do movemento editorial, tanto na forma de novas casas editoras, como de publicacións de interés. Neste senso, cabe destacar a publicación do primeiro dicionario galego-galego, destinado aos nenos, así como de traballos moi aclaratorios sobor da nosa problemática lingüística. O noso idioma vai conquistando novos campos culturais, facendo recuar a diglósia no terreo científico-ensaístico.

Só cando un Parlamento non cumpre normalmente o seu papel de crarificación, é necesario recurrir a un debate, como o que acaba de discurrir. Evidentemente, segue sen aclararse ningún problema de fondo, porque se trata dun espectáculo para a galería. O ton dos discursos é abstracto e xenérico ou ben fundamentalmente demagógico. Fai, nembargantes, alguns detalles elocuentes. Recoñécese, por boca do Presidente do Goberno, que a democracia é fráxil, o que quer decir que aínda non está estabilizada nos seus obxectivos, a aplicación dos principios constitucionais, na que se deben comprometer as formacións políticas, sindicais, empresariais e profesionais, para que o império da lei "democrática" se imponha. Polo tanto, afirmase que esta democracia non é dabondo represiva, non está aínda homologada coas europeo-occidentais. O que o Presidente do Goberno tería que aclarar mellor é con que fenómenos, de qué "delitos" non é perseguidora, porque efectivamente resulta terriblemente tolerante cuns sucesos e persoas e terriblemente coaccionadora e violenta con outras.

Tamén por detalle elocuente a afirmación de que o Estado das autonomías serve a unha causa burocrática e de compromiso de certos sectores da poboación nas tarefas e decisións do Goberno e do Estado. E decir, é unha manobra política para combater ao nacionalismo real, que efectivamente debe ser atacado, pois a Constitución proclama, como o seu propio fundamento previo, "a indisolúbel unidade da nación española, pátria común e indivisible de todos os españois". As autonomías están para reforzar este obxectivo.

En fin, unha boa indicación de cais son as fondas preocupacións destes "demócratas".





**PREMIO ABRENTE DE TEATRO**

O 17 de maio déronse a coñecer en Ribadavia os premios "Abrente e" de teatro.

O primeiro premio desta octava edición foi concedido a obra "Sete bailaretadas de amor e unha morte", de Roberto Vidal Bodaño. A cuantía foi de cen mil pesetas.

Foron merecedores de acesit, segundo do xurado, "Alias Pedro Madruga", de Agustín Magán Blanco, "Testamenteiro", de Manuel Lourenzo Perez e "Teudis" de Millán Picouto.

**O REFERENDO GALEGO**

Segundo dixo o presidente Suarez no Congreso o Referendo Galego celebrábase nun prazo máximo de seis meses.

**FOLGA NA RECOLLIDA DE BASURA NA CORUÑA**

As ruas da Coruña están estes días cheas de basura e causa da folga que están a levar os obreiros de "Ferogasa", empresa concesionaria do servizo de recollida.

A folga, de unha semana de duración, produciuse ao non haber acordo entre a empresa e a parte social na deliberación do convenio colectivo que estaban a discutir.

**LUGO: OS EMPRESARIOS PIDEN A DIMISION DO ALCALDE E APLAUDEN AOS CONCELLAIS DA ESQUERDA**

O venres, día 16, tuvo lugar no local de sesións da casa consistorial luguesa un pleno moi movido no que se discutiu a aprobación dos trabucos de "Erradicación" e "Gastos Suntuarios".

**MANIFESTACION E FESTA ANTINUCLEAR EN SANTIAGO**

Con motivo da celebración dos días 25 e 26 do Día Mundial Antinuclear, o domingo terá lugar en Santiago unha manifestación as doce da mañá e unha festa antinuclear, pola tarde na "Horta de Santo Domingo".

Estes actos, convocados polo comité antinuclear están apoiados por diversos partidos da esquerda.

**O CONDADO**

**A patadas tamén se pode detentar o poder**

Dícese que en tempos, cando os caciques tiñan que chamar ao orde a algun dos seus "administrados", preparaban un par de matóns ben aleccionados sobre o rigor con que deberían empregar o traballo de quentarlle o lombo para facelo vir ao rego.

Isto, claro, foi hai anos. Agora estamos na "democracia" e, xa que logo, nótase un cambio sustancial no seu comportamento: hai que estar máis en contacto co pobo.

De feito, por mor destes contactos astra nos actos disciplinarios exercen directamente a súa autoridade.

Un exemplo, Pontearas, na sesión do día 25 do pasado mes de abril, un asistente ao acto increpa duramente a un membro da Corporación empresario de transportes el, sobre as deficiencias de prestacións do servizo. Axiña mándase ao xefe de municipais para que desaloxen a sala. Négase. Chámase a Guadía Civil e tirano dalí. Na saída, o protestón segue na súa teima. O alcalde, José Castro, o home que mangoaba nas eleccións o sufrimento de anónimas amenazas, que facía chorar as amas de casa máis que Sautier Casaseca, considerándose vítima da incompreensión (aínda que panfletos repartidos daquel intre dábanlle a volta a todas as afirmacións acusando de todo o que se pode

acusar a un alcalde e algo máis), José Castro, repito, pasa na compañía dos concelleiros "beso las manos" de costume, é ve ao revoltoso. En canto o olla, sen pensalo dúas veces largalle unha patada nas canelas. Montouse un gran revólvi e arrollado por todas as persoas que non están de acordo coa súa conduta (a presente e a pasada).

Consegue meterse no coche, rodeado de xente que lle increpa a súa conduta e durante uns minutos agredido e agresor quedan cara a cara. Para despedirse, Castro dille ao "insurreto": "Bo, te tengo miedo". Aquí remata a historia.

Podemos sacar dúas conclusións: a primeira é que a democracia evoluciona nos caciques — aínda que hai partidarios que din que o os de hoxe están tan adulterados como os produtos que comemos e que non son caciques nen son nada, astra ao punto de reveixarse a ter contacto físico cos "caciqueados"; de segunda xa se contempla a posibilidade de que o senso do temor non é patrimonio exclusivo do pobo, xa se acepta como, aínda que non de moi boa gana, que os caciques poden chegar a terlle medo a quen ten debaixo dos pes.

Por algo se empeza.

X. A. SUAREZ

**PORRIÑO**

**esfarelamento do polígono industrial**

O Porriño pasa por ser neste intre unha das zonas máis conflitivas de Galicia. Aquí estamos asistindo ao descalabro dunha das poucas zonas industriais da nosa nación e día a día, de xeito continuado, as empresas de Porriño van pechando, por distintas razóns, que sempre están en función das ganancias do empresario ou das grandes programacións económicas de Madrid.

De todos son coñecidos os casos de Dreslock, Censa, Corfi, e derradeiramente Cocampo, do que xa temos falado nestas páxinas. Pero con isto a desfeita non para, senón que sigue a un ritmo cada vez máis acelerado.

Alfombrauto era unha empresa que coma tantas outras viñeron a instalarse no Porriño aproveitando as facilidades que aquí había e a inestabilidade política do Portugal de pouco antes da REvolución. Aquí invertiron moitos empresarios portugueses que deste xeito podían catapultarse a un comercio de difícil acceso desde Portugal. Os traballadores de Alfombrauto saben tamén dos moitos chanchullos para os que a fábrica serviu de plataforma e aínda hoxe se lembran da meirande cantidade de millóns de escudos que foron depositados na súa fábrica polos grandes señores portugueses para posterior distribución en bancos espa-

ñoles na época da Revolución do 25 de abril.

Resulta que ao parecer na actualidade a fabrica xa non é rentábel para o seu dono ou polo menos non é tan rentábel como el quixera, e, por outra banda, como ben lle dixo con cinismo aos traballadores, "en Portugal agora gañou a dereita".

O feito foi que unha mañá do mes de xaneiro a fábrica apareceu queimada parcialmente e na actualidade os traballadores están sen cobrar e con poucas posibilidades de poder voltar a traballar.

Como conclusión resulta que vinte traballadores máis se topan a punto de perder o posto de traballo e a comarca de Porriño pode perder unha nova empresa, que non vai ser a última polo que se ve; xa que outra empresa do textil, neste caso Soyfre, vai seguir o mesmo camiño, pero desta imos falar máis de vagar noutra ocasión. Por outra banda, Cocampo tóbase definitivamente nun calexón sen saída, do cal alguén se está beneficiando ou se vai beneficiar. E non son precisamente os traballadores, que ven perdido o posto de traballo.

C. MIRANDA

**As IV xornadas do ensino**

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega vén de convocar as IV Xornadas do Ensino de Galicia, convidando a participar a todos os ensinantes galegos, a todos os sindicatos e agrupacións pedagóxicas".

A convocatória aínda non sinala cal será a súa sé, que queda pendente da obtención dos correspondentes permisos de utilización de locais, pero xa sinala que o seu desenrolo efectuarase entre o 25 e o 30 de vindeiro mes de Agosto.

O plan de traballo das Xornadas axustarase ao de anos anteriores. Pola mañás, desenrolo e discusión dos seminarios pedagóxicos e ponencias que se reciban, recepción para a que queda aberto o prazo deica o 1 de agosto, e que terán de xirar arredor de tres eixos temáticos: política educativa e organización do ensino en Galicia, financiación do ensino e regulación de plantillas e situación do ensino galego hoxe. Polas tardes, seminarios pedagóxicos sobor de todas as áreas educativas; e polas noites, actos culturais variados. Programa que se acompañará con exposicións, presentación de libros, revistas e material pedagóxico.

Para solicitar información, a AS-PG ofrece enderezos nas sete cidades máis importantes do país, e saber:

- OURENSE: Secretaria Xeral. apdo. 1102.
- O FERROL: Avda. da Paz 1. dta.
- A CORUÑA: Xoana de Vega 62-2.
- VIGO: Rúa Catalunya 152.
- PONTEVEDRA: Apdo. 12
- SANTIAGO: Ponte da Raíña 194-A.
- LEGO: Rúa dos Panariños 1.

**carta entreaberta**

**A raposa e as uvas**

Querida Directora:

Ti que es periodista e desto pode que seupas máis ca min, xa me contarás un día o que poden entender algúns teus colegas por "falta de unidade na celebración do día das Letras Ggalegas". Eu xa estou moi afeito a que laien a falta de unidade política, e do sindical aínda che falei hai uns días, mais foi pra min a braio non pequeno, o enterarme que tamén neste eido da literatura galega había que ter unidade. Confóndame o demo se gano pra sorpresas.

Ou seña, poñanos un caso. Como ti sabes e outros dous ou tres amigos, eu fago versos. E sa que logo, se eu fago versos distintos dos que pode facer o Manuel María, eu traiciono a unidade. Polo tanto, pra ser ben unitario, cómpreme facer versos igual có Manuel María. Mais se os fago igual, é inútil que os faga, pois xa os fai el e eu só repito. E coma min, todos os outros que andan a facer versos neste país, en nome da unidade, teñen por saída lóxica deixar de facelos e que fique un só poeta en exercicio.

Por esta regra de tres, eu tiro a consecuencia de que o millor era cando Franco, que por decreto lei imponían unha maneira de facer cultura, e veña aí tés toda unha



chea de Pemancitos cantando o divino impaciente, e corentenove delegados de ministerio dicindo corentenove discursos igualitos nunha mesma ocasión. Tocou de Alfonso Equis? Pois dálle coas Cantigas.

Tamén o luns un articuleiro que firma coa inicial na folla dese día da bimilenaria cidade, leiábase hipócritamente de que a literatura galega ia de mal a peor e que ben poucas novidades houbera neste 17 de maio en canto a edicións. Eu ben sei que o confonder o desexo coa realidade leva a curiosas afirmacións. O señor que digo pareceme que cantaba unha clexía moi intereseira, pois nunca se distinguiu polo seu amor á li-

teratura galega. Por outra banda, non atino a comprender como podía vulgar de calidade de libros, se polas miñas informacións non saber ler aló moito ben. E aínda por demais non debe saber contar — anque desto tiña outras referencias —, pois máis ou menos por estas Letras Galegas saíron uns vinte libros, que tampouco non está nada mal, se pensamos que entre eles, non había ningunha novela de Estefanía, lecturas ó bon visto preferida do ilustre follista.

Xa ves que neste mundo todo é conforme a asegundo. Eu estou aínda ben satisfeito desta falta de "unidade" que quere dicir — desde o meu xeito de ver — que os oficialistas teñen cada vez menos creto e cada vez lles son máis incómodos os respondóns. E tampouco non me parece pouca cousa que se publicaran por estas datas ducia e media de libros en galego, algúns moi bons e algúns menos bons, pero cousa boa no seu conxunto pra nosa cultura.

Xa sabedes a fábula da raposa e das uvas. A estes novos raposos como Galicia lles fai arregañar os dentes, negan que exista. Mais anque lles seupa mal, terán que roela.

DARIO XOHAN CABANA



Partiu de Terrachá aos 12 anos. Profesor na Facultade de Ciencias da Información de Barcelona e traballador en diversos medios de radio e prensa escrita, preocupáalle a comunicación, as experiencias comunicativas. Preocupáalle mesmo anímicamente e fala delas co mesmo optimismo co que se mantivo unido ao noso país, mantivo a fala e observou, que nunha tenda luguesa de coitelos, dun ano para outro, a muller que o atendeu xa non lle respostou en español. É que a Emilio Prado gustanlle os síntomas. Ao mellor, tamén por eso colaborou con A Nosa Terra, aínda ben tempo, desde Catalunya.

## EMILIO PRADO

### A radio, pan de cada día

**Sabemos pouco dos donos da Rádio, ¿de quen son as emisoras?**

A súa orixe compre buscala na guerra civil. O franquismo utilizou a rádio sen recato ningún para consolidarse. Desde a noite do 18 de xullo Queipo de Llano iniciou os seus famosos discursos-arenga a través da Unión Rádio Sevilla que minutos antes andaba chamando ás barricadas... e aí empezou o que viría ser Radio Nacional de España. Os franquistas sabían ben da importancia da rádio e en cada cidade se había unha emisora ocupábana e senón levaban eles unha rádio para encetar o seu proceso propagandístico. Co poder nas mans seguiron utilizando este medio pola importancia que ten como elemento de coesión social e de conformación de estados de opinión favorábeis, craro, e foron nacemento os programas "informativos", musicais, os seriais lacrimóxenos e os consultorios para a muller; foise fraguando todo o sistema de dominación.

**Despois viñeron outras cadeas**

Si, e todas as cadeas que existen no Estado teñen unha orixe política. O fascismo crea RNE e reserva para esta cadea o dereito a facer a información en exclusiva, e durante ben anos as outras cadeas estaban obrigadas a conectar, polo menos tres veces ao día para dar os principais diarios falados -coñecidos popularmente por "partes" xa que a súa orixe real eran partes de guerra e, no fondo seguiron a ser. O resto das emisoras nacían vencelladas a grupos de intereses ideolóxicos (como a cadea da Igrexa) ou da oligarquía. Se nos pomos no día de hoxe temos unha cadea de emisoras estatais que pertencen ao Estado como ente público pero que, evidentemente, o que son é gubernamentais, controladas por UCD, da "Red de Emisoras del Movimiento" e das cadeas peninsulares e sindicais confórmanse o que agora se chama "Radio Cadena Española", que é paraestatal e non esta de mais engadir que coa creación desta faise un fraude: a cadea azul de radiodifusión que pertencía ao SEU e cando o SEU desaparece como sindicato fascista estudiantil en boa teoría esta cadea de emisoras tería que pasar a Universidade, ou o mesmo se podía decidir da cadea de emisoras sindicais, que era financiada polo vertical xa que ao desaparecer e normalizarse a actividade das centrais o lóxico é que pasara aos traballadores a través dos seus Sindicatos, por exemplo. E unha cadea como a SER, mais dinámica, con programas novos, modernizada, con velleiros monopolísticos, europeista ¿que política informativa serviu?

Todo o mundo ten idea de que xogou certo papel progresista e eu... non o dubido. Xogaba

nos intereses de familias políticas que despois conformaron o centro. O presidente do seu Consello é Garrigues y Diaz Cañavate e non podían faltar os Garrigues, os Fontán, os Satrustegui e interesáballes para a instauración desta democracia formal. Un informativo como Hora 25 deulle prestixio e fíxoo nun momento no que non se podía informar na rádio. Permittiuselle. Despois serviu para lle dar credibilidade ao cambio e a partir do 77 cando se liberalizou a información todas as cadeas empezaron a xogar e mesmo os diarios falados de rádio nacional empezaron a ser moi dignos, ben feitos. Deixouse que a rádio fora a avanzadilla, que desa imaxe do cambio que interesaba e cando este cambio se consolida empézase a sentir un retroceso nese "boom" informativo da rádio.

**Ese "boom" caracterízase polo que?**

Necesitábase unha información rápida, axil, contrastada, progresista, pois. Xenérase un proceso de participación social na información. Eran os traballadores os que explicaban a súa problemática nas emisoras, a través de mesas redondas, entrevistas, aparecían grupos sociais, mulleres, ecoloxistas... pero a partir do vran do 79 obsérvase un retroceso, desaparecen programas de análise e mesmo na SER dáse a consigna de que non se quere ver un obreiro polos pasillos, e iso é sintomático. Desde entón incluso é difícil ouvir aos representantes sindicais e vólvese a aquel proceso no que o periodista é o interprete da noticia, resume.

**De cara aos procesos manipuladores estáse máis pendente da prensa escrita. Ninguén notou acá, por exemplo, que se xuntaran no seu día, os directores das rádios en Galicia para acordar non emitir nada en relación co Non á Constitución ¿non é sinal de que se infrautiliza o medio rádio?**

Si, e eso vai mais alá dos actuais plantexamentos políticos tácticos. A rádio está infrautilizada como medio de comunicación por varias razóns: é un medio moi dinámico e canto mais dinámico mais aberto e, polo tanto, politicamente menos controlábel, dá medo. E difícil controlar a resposta aos ménsaxes que se emiten por rádio.

A prensa ten unhas canles de distribución astra máis cativos e ademais como á rádio houbo que lle dar un marxe de movemento para que servira ao cambio tamén se lles escapou un chisco das mans. O feito de abrir canles de participación facía que se encamiñaran contidos moi diferentes e o dito nunha entrevista en directo aí queda. Ademais, o público da rádio é máis hetero-

xéneo, menos cualificado culturalmente, máis permeábel ás ideas que lle veñen a través do medio.

**Neste senso, tes falado do "arcaísmo cultural das forzas políticas"**

Porque aínda se está na Galaxia de Gwtemberg. Estamos nun intre no que os medios tecnolóxicos, o tipo de vida, esixe unha comunicación dinámica, inmediata e os nosos políticos -falo en xeral- seguen a sentir a necesidade de ver escrito o que din e pensan que é máis importante un ar-

**A repetición, tan cotidiá, ¿é unha característica estrutural da rádio ou utilízase por condutismo, para crear clima sico-social?**

A redundancia ten xustificación teórica porque a comunicación pasa no tempo, non podes volver atrás. Consideráse, ademais, que hai diferentes públicos

segundo as horas, pero a través diso están tamén creando un clima de importancia en función da repetición, ándase a obsesionar con certos temas, o feito de estar falando todo o día dun atentado

a dar desde que se sabe que vai vir, dáse durante todo o día, dáse desde que se vai...

**Que pode significar non usar nun medio de comunicación a lingua dun país, non coñecer as pautas culturais astra ter que se formar profesionalmente fora del porque aquí, en Galicia, non existen centros para informadores**

No primeiro dos casos que non se sexa eficaz -nen se pretende selo- na normalización desa sociedade. Tocante aos traslados da xente o que conduce é a formar profesionais nun sistema social alleo, descoñecedores da propia historia, do propio país. Porque a carreira de xornalismo non é samente para aprender unhas técnicas comunicativas, é unha formación base que permite interpretar o mundo e sobre todo os feitos en situacións determinadas.

**Traballas profesionalmente en Barcelona ¿que foi a iniciativa das "Ondas Libres"?**

Eu creía na necesidade teórica de que os periodistas fosen só dinamizadores dos procesos comunicativos e nunha sociedade como a catalana onde hai unha eferescencia social marxinal que andaba alonxada dos medios informativos coidei que as "Ondas Libres" podían ser un lugar de encontro deses movementos. O certo é que hoxe non se pode falar nese senso e a rádio non ten un movemento detrás senón que quedou nun movemento en si.

**¿Como se monta unha rádio libre?**

A rádio é un medio moi barato. Poñoche un exemplo: Para cubrir toda Coruña costa 400 mil pesetas e para cubrir unha comarca pode abondar con cento e pico mil. Un pode construír unha emisora seguindo un esquema publicado -un que coñeza algo de electrónica, craro- e un tocadiscos, un magnetófon e un par de mciros, mais local, luz e teléfono, emitindo en FM tes unha Onda libre que sera axeitada se non fai sectarismo social, se é axil, divertida.

**Coidas que a rádio cumpriria un papel importante no proceso actual de galegización social?**

Ben, o proceso é irreversible pero a rádio pode xogar tamén a favor do prestixio dunha lingua na que se transmitiu o autoodio e sería todo un síntoma que a chamada RN utilizara o galego como lingua única. Voume permitir citar, só citar, a Pujol no seu discurso na Cámara de deputados, falando da recuperación nacional: é imprescindible a rádio e a TV catalana e é neste terreo no que se xoga Catalunya o seu ser como nación". Quen o dixo foi Pujol.

MARGARITA LEDO



XURXO FERNANDEZ

tigo nun periódico que o van ler 5.000 persoas que unha entrevista que escoitan 300.000 e que ao seu través o coñecen directamente. Pero é que se segue a ter unha tradición cultural escrita que non esta acorde co mundo real. Os medios electrónicos están xogando o papel da familia, da igrexa, os medios de comunicación son os que están creando unha homoxeneización social, un sistema de valores que reproducen á ideoloxía dominante.

En Euskadi dache a sensación de que o único que hai no país basco. Non é unha rádio dinámica non deba dar paulatinamente o que se chama "novos aspectos da noticia" porque unha mesma nova vai facilitando novos datos pero na medida en que iso sexa utilizado ideoloxicamente e non profesionalmente e se machaquen determinadas cousas estase conseguindo determinada efectividade. Son eses viaxes de persoas políticas españolas a Galicia, o de Suarez, que se empeza



# MASTER de popularidad 1980

Hoxe vernos, día 23, Gran Cea de Gala no Hostal dos Reis Católicos na que se fará entrega dos Prémios Master de Popularidade 1980, ás firmas comerciais e industriais escollidas por encuesta pública.

Asistirá como convidada especial a popular presentadora de TV ISABEL BORONDO. No gran "Show" de Fin de Festa, actuará BEATRIZ CARVAJAL



Master Barometer Association

<p>MODA ACTUAL:</p>	<p>DISCOS:</p>	<p>AXENCIA DE VIAXES</p>	<p>CASTROMIL S.A.</p>	<p>IMAXE E SON</p> <p>JUAN PORTELA SEIJO</p>
<p>RESTAURANTE:</p>	<p>BANCA:</p>	<p>CENTRAL LEITEIRA</p> <p>cooperativa forrajera de negreira PRODUCTOS LACTEOS, PIENSOS COMPLETOS, SEMILLAS, ABONOS.</p>	<p>BOUTIQUE DA NOIVA</p>	<p>PELETERIA:</p>
<p>AUTOMOCION:</p> <p>Talleres Castro S.L.</p> <p>CONCESIONARIO OFICIAL DE FORD ESPAÑA, S.A.</p>	<p>HOSTELERIA:</p> <p>HOTEL DE LOS REYES CATOLICOS</p>	<p>ALFAIARIA E RELOXARIA</p> <p>MALDE LA CORUÑA SANTIAGO</p>	<p>MOBILIARIO DE COCINA</p>	<p>MOBEIS DE OFICINA:</p> <p>M. CERUELO mecanización y amueblamiento de oficinas</p>
<p>BOUTIQUE DA PEL ZAPATOS E BOLSOS</p>	<p>FOTO E CINE</p>	<p>SEGUROS XERAIS</p> <p>LA PATERNAL ESPAÑOLA COMPAÑIA ANONIMA DE SEGUROS</p>	<p>PERFUMARIA E DROGARIA</p>	<p>ELECTRODOMESTICOS RADIO E TV</p>
<p>FABRICA DE GASEOSAS:</p>	<p>Escuela Automovilista</p>	<p>MATERIAL DE CONSTRUCCION:</p> <p>Concesionario exclusivo de: Pierre Cardin</p>	<p>DISCOTECA:</p>	<p>BOUTIQUE PARA NENOS</p>
<p>SAA DE FESTAS</p>	<p>CAFE-BAR:</p>	<p>Master Barometer Association</p>	<p>FERRETERIA</p>	<p>FABRICA DE MOBEIS</p>



# A LEI BASICA DE "EMPREGO"

Nos últimos meses os traballadores estamos asistindo a un proceso de cambio legislativo laboral que ten as suas raíces na Constitución Española que no seu artigo 38 consagra ao estado Español como unha sociedade na que "se reconece a liberdade de empresa no marco da economía de mercado", nunha palabra que constitucionaliza as relacións capitalistas de produción.

O desenrolo legislativo deste anunciado básico, podería nembargantes desenvolverse de moitas maneiras (argumento da esquerda española no seu día), segundos os obxectivos político-económicos que se persigan, endebén, desde un principio estivo sempre craro para os patriotas galgos (que fomos os únicos que en Galicia votamos NON á Constitución) en que límites tiña — por forza — de desenrolarse este proceso en atención á situación económica e intereses monopolistas que o capital e o Goberno persiguen, a correlación de forzas, e ao propio feito incuestionábel de que unha Constitución destas características determinaba "perse" a continuidade da dependencia colonial de Galicia.

Neste conxunto, o Estatuto dos Traballadores, peza esencial do futuro desenrolo legislativo laboral, non podía ser máis que regresivo, do mesmo xeito que o están sendo todos os proxectos que a UCD plantexa para debate e aprobación no Parlamento Español.

Non é casualidade tampouco que o Programa Económico do Goberno de finais do 1.979 facilite todo tipo de medidas e ventaxas para o capital e sente pilares esenciais do desenvolvemento económico na conxuntura actual, o retraimento dos incrementos salariais, a flexibilización plantillas, o "abandono" da política de sostimento do gran cementerio de empresas que constitue o sector público da produción (sen saída compensatoria), e as medidas restritivas nas prestacións da Seguridade Social, así como o ordenamento do emprego e seguro de desemprego.

Deciamos daquela, como hoxe que o único que pretendía o Goberno era salvar a crítica situación económica que corroi ao Estado Español a costa do sacrificio económico dos traballadores, sen que — canto menos — como contrapartida mínima, a clase traballadora tivera acceso a mellores de carácter social e sindical, así como a estabilidade no emprego e fomento do mesmo mediante plans concretos de inversións para creación de empresas que paliase — xiquera — o importante incremento producido nos niveis de desemprego, especialmente naqueles sectores e poboacións que xa naquel momento (hoxe máis agravado) acusaban de xeito máis pronunciado os efectos da crise da que, pola propia situación de desenrolo económico colonial, a nosa Nación, ocupa preferente.

Non era posíbel, nen o é neste momento, agardar que das medidas adoptadas polo Goberno se obtieña ningún beneficio para os traballadores nen para Galicia, precisamente polo carácter marcadamente antagónico de ambos intereses, e só con presións e mobilizacións firmes e debidamente orientadas será posíbel frenar os plans do gran capital.

Nesta liña, o Proxecto de Lei Básica de Emprego, presentado pola UCD, neste momento na Comisión de Traballo do Congreso, non é outra cousa que un conxunto de medidas destinadas a deteriorar aínda máis as condicións actuais dos traballadores, xa críticas.

Así, o Título Preliminar constitue unha mera declaración de principios xerais que orientan "solucións" sempre no camiño dunha mellor distribución do emprego (rotación do mesmo), protección da mobilidade xeográfica, flexibilidade no mercado de traballo... no camiño de conseguir un maior equilibrio entre a oferta e a demanda de emprego e seica unha maior protección das situacións de desemprego.



go. En ningún momento, mínima alusión a plans de creación de postos de traballo para conseguir dotar de emprego a miles de traballadores hoxe en paro. E isto, evidentemente, porque non se trata dunha lei perspectiva de intereses da clase capitalista, a situación actual provocada por eles mesmos de falta de postos de traballo. Nunca de darlle solución á mesma.

E regresivo cando introduce no articulado do Título Primeiro, a obrigatoriedade dos traballadores perceptores do seguro de desemprego a prestar os seus servizos para entidades ou empresas, privadas ou públicas, de probada utilización solcjal, sempre que estes sexan por tempo parcial ou temporal. Medida que, baixo un aparente beneficio á sociedade, non será máis que fonte de discriminacións e arbitrariedades, na medida en que non determina a quen afectará e en que condicións e circunstancias, eliminado un postos de traballo necesarios, que deberían cubrirse co beneficio xenerado polo emprego de todos os traballadores, e mesmo impide, no desempeño destas tarefas, buscar outro emprego ao traballador nesta situación. Do mesmo xeito, as medidas de promoción de sociedades laborais e cooperativas, non son máis que a tendencia a soste o emprego en aquelas industrias de viabilidade moi incerta; isto é, manter certo nivel do emprego xa existente, pero en ningún caso, prover as medidas necesarias para a creación de novos postos de traballo.

Desenvólvese no terreo da inconcreción máis absolutas

cando, no Capítulo II, enuncia medidas destinadas ao fomento do emprego da mocidade, axudas ás empresas que contraten traballadores procedentes de sectores declarados en crise polo Goberno, para traballadores perceptores de Seguro de Desemprego, así como declaracións de beneficios para aquelas que contraten traballadores con diminucións físicas, que mesmo poñen en perigo a estabilidade do emprego actual, por canto con estas medidas, aparte xa doutras contempladas no Estatuto dos Traballadores, a eventualidade no traballo resulta a todas luces máis beneficiosa para o empresario.

Nun alarde pretendidamente compensatorio, contempla no Título II a extensión do Seg. de Desemprego aos traballadores por conta allea do Réxime Especial Agrario, no que o Goberno determinaría a forma e condicións da prestación así como as cuotas de financiación, e que sería extensíbel a estes traballadores (non deixan de ser en Galicia un porcentaxe moi pequeno) sempre na medida en que "as posibilidades financeiras llo permitan". Así mesmo, establece un subsidio asistencial de carácter estrarreglamentario que protexa aos traballadores ou demandantes do primeiro emprego a quen non alcance o primeiro ou agotaran o período das súas prestacións. En ningún caso se concreta as circunstancias precisas para optar a tal beneficio.


L. BROS

(Continuación no próximo num.)

don agosto

Por XAQUIN MARIN

O QUE NON ME PODEM BOLTAR EN CARA E QUE NON TEHA GOSTOS GALEGOS





# LAVADORES: OUTRA "RUSIA CHIQUITA"

*Durante a II República as zonas ou poboacións onde había moitos roxos, chamábaselles as "Rusias Chiquitas". Os seus habitantes foron quen máis sufriron a represión co estoupido e consolidación do "Levantamiento" do 36.*

*Os motivos das agresións moitas das veces non eran só políticos, algúns valéronse da coxuntura para satisfacer as xenreiras personais. Lavadores, aglomeración suburbá a o carón de Vigo, hoxe absorbida pola cidade, era unha destas "Rusias Chiquitas".*

*Os seus habitantes, na case totalidade obreiros, aos que logo se xunxeron xentes doutros barrios e pobos arredor, defendéronse heroicamente nas barricadas, desarmados case completamente, dos sublevados fascistas. Ao final foron aniquilados. Empezouse logo a meirande represión.*

*Os que quedaron con vida daquela heroica resistencia, as súas familias, aparecian na carretera "paseados". Esta represión continuou até hai ben pouco.*

Con este nome coñeciase no ano 36 ao municipio de Lavadores, aglomeración suburbá situada nas inmediacións de Vigo, de onde pasaría a formar parte posteriormente. Constituían o oito parroquias: Cabral, Bembrive, Beade, Valladares, Zamáns, Teis, Candeán e a propia Santa Cristina de Lavadores. Aquí foi onde tivo lugar unha resistencia á rebelión militar.

Vigo era un punto clave da sublevación en Galicia, sen embargo parecía, a priori, un obxectivo difícil de conseguir dada a súa escasa guarnición militar, e o elevado número de poboación obreira, socialista na súa maior parte.

O 18 de xullo de 1935, o alcalde de Vigo, D. Emilio Martí-

nez Garrido, ante o ambiente de tensión e inseguridade que produciran as confusas noticias do pronunciamento militar, intentou tranquilizar as masas aditas a República coa publicación dun bando no cal se aseguraba que a sublevación estaba dominada e o Goberno controlaba totalmente a situación. Pero, en realidade o bando non convence a ninguén e a inquietude entre a poboación aumenta. Dos pobos próximos chegan homes para unirse aos cidadáns vigueses cunha unánime e reiterativa petición: armas para o pobo. Pero as autoridades resistense a acceder.

O domingo 19 de xullo houbo unha reunión na Casa do Pobo con todas as organizacións obreiras, que durou astra ben en-

trada a madrugada. Se nela se tomara a decisión de repartir as armas, é posíbel que a Felipe Sanchez non lle fora tan fácil facerse coa praza.

Hai quen di que armas non había máis que unhas poucas, as escondidas no tunel do ferrocarril, pero tamén parece certo que o capitán da Guardia de Asalto, en entrevista co alcalde, puxo a disposición das autoridades lexítimas da República 60 guardias e 90 fusiles, que o sr. Martínez Garrido, optimista, xuzgou innecesarias. Finalmente sábese que houbo un proxecto de ocupación da Comandancia Militar, pero o plan fracasou debido a que un confidente puxo en coñecemento de Felipe Sanchez tal operación.

## MATANZA NA PORTA DO SOL

O luns 20 de xullo decaíuse a folga xeral. Ese mesmo día o Comandante Militar da Praza, Felipe Sanchez, ordeou ao Capitán Carreró Vergés que saía ao fronte da súa compañía e declare o Estado de Guerra.

Ao paso das tropas, as ruas céntricas de Vigo están en plena fervura, cheas de xente que seguía a orde de folga dada polas organizacións sindicais. A multitude envolvíase materialmente ao pelotón de soldados sen cesar de vitorear á República. Ao chegar a Porta do Sol deuse un alto e procedeuse a ler o bando de proclamación do Estado de Guerra ante a multitude indignada. Entre os enormes berros de protesta un axente de comercio de apelido Lance, apoderouse do bando e rachou o papel. Foi o primeiro en morrer. O capitán Carreró mandou disparar contra aquela masa humana e produciuse a masacre. Despois, unha compañía e unha sección de ametralladoras tomaron por asalto a Casa do Pobo e o Axuntamento. Non houbo máis loita en Vigo, e a cidade quedou controlada polos militares sen máis resistencia.

En Lavadores si houbo resistencia. Aqueles homes tenaces defendéronse tras das barricadas astra o imposible nunha loita desigual e espantosa. Como moitos deles presenciaron a carga da Porta do Sol, na mesma noite do luns levantáronse tres barricadas ao longo da carretera xeral: a primeira nos "Choróns", outra no "Calvário" e a terceira e última no "Seixo", xusto diante do axuntamento e da Casa Cuartel da Guardia Civil.

Nembargantes, aquel propósito de defensa a todo trance era do máis insensato, porque aquela xente da "Rusia chiquita" non contaba con máis armas que os seus apeiros de labranza, escopetas de caza e algunha que outra pistola.

A pesares de todo, cando a mañá seguinte atacaron a primeira barricada o pobo defendeuse a brazo partido e non poideron tomar aquela posición nos primeiros intentos. E deste xeito, cando correu a noticia de que Lavadores resistía desesperadamente, comezou a chegar xente dos barrios de Vigo e pobos próximos, pero como acudían desarmados, a situación non variaba en nada. Entón decidiuse tomar por asalto o Cuartel da Guardia Civil para apoderarse dos fusiles, pero tanto os dirixentes de Vigo como os de Lavadores non o consentiron. Houbo unha dramática discusión no axuntamento sobre este particular. Nembargantes, o alcalde, apoiado polo deputado socialista Antonio Bilbatúa, disuadiron a xente do seu intento: a Guardia Civil era leal a República e astra aquel entón estivera reiterando aos dirixentes do Frente Popular a súa incondicional adhesión ao Goberno.

## A CASA DE PEDRA

Os veciños de Lavadores percorren as casas a busca de armas, e nunha delas, un gran caserón sito a beira da carretera e coñecido como a Casa de Pedra, propiedade de D. Estanislado Núñez, rico industrial, dono dunha fábrica de estampado de follalata, aconteceu o feito sobre o cal existen dúas versións. Segundo unha delas, alí conquiríronse algunhas escopetas, pero, ao parecer cando os frentepopulistas saían topáronse coas portas atrancadas, ao mesmo tempo que desde a casa disparábase contra eles. A casa foi asaltada e incendiada. Estanislado Núñez morreu no tiroteo e dous fillos seus foron feitos prisioneiros polo Frente Popular e conducidos ao salón de Veritas, centro deportivo e recreativo patrocinado pola marca de máquinas de coser dese mesmo nome, pero a petición popular foron postos en liberdade.

A outra versión asegura que cando a xente acudiu a casona xa foron recibidos a tiros, coincidindo coa primeira no resto do acontecido.

## A PEDRADAS

Diante da imposibilidade de facer fronte as ametralladoras, os combatentes que dispoñían de armas de fogo distribuíronse polos teitos próximos, pero a loita era tan desigual que foron perdendo terreo astra ceder por completo a posición dos "Choróns".

Cando os militares se lanzaron ao asalto da segunda barricada, os republicáns case non tiñan munición e non podían contelos máis que, practicamente, a pedrada limpa. Doutra banda, as baixas eran cada vez máis numerosas.



Así é hoxe Lavadores, outra "Rusia Chiquita" que sufriu os rigores da represión.



"RUSIA CHIQUITA"

Fotos: Fernando CARBALLA  
Dibuxo: Fiz VALCARCEL



viñan detrais de Higinio Molares, o panadeiro, que se lles escapou. Co meu pai tamén detiveron a Cándido Veiga Rodríguez "o Reboreda" e aos dous os pasearon xuntos nas inmediacións de Monterferro. "O Reboreda" morreu no acto, pero ao meu pai deron por morto e somentes ficou mal ferido. Como poido aproximouse a praia de Patos e ali foi descuberto por algunhas persoas que lle levaban alimentos namentras el permanecía escondido. Viñeron avisar á casa e a miña nai foi ao seu encontro levando gasas e medicinas para curarlle as feridas, pero namentras unha das mulleres que visitou ao meu pai no seu escondite, a criada do cura de Panxón, que lle levou un escapulario, pouco despois presentouse a Guardia Civil que o trasladou ao convento que hai en Baiona, onde morreu. Din que lle puxeron unha inxección de ar, pero isto non o poido asegurar".

O fillo do "Reboreda" dinos que detiveron ao seu pai baixo cargos e mesmo a D. Amante Caride. "ao meu pai, como era canteiro, o acusaron de tirar a ponte de Cabral e ao señor Caride de afiar a ferramenta". E engade, "tamén me mataron a un irmán de 18 anos, Carlos Veiga Graña, que apareceu morto xunto a Alvaro Vieitez -o fillo de "O Loto" e a tres persoas máis na praia de Samil... da familia de "O Loto" mataron a moitos..."

UNS POLOS OUTROS

As detencións levábanse a cabo nun gran número, e mesmo ser de Lavadores era como levar unha etiqueta maldita, xa que poucos eran os que pasaban o xuício sen que lles fose aplicada a máxima pena.

Preguntados os veciños polos fuxidos, que despois aparecerían mortos polas carreteras, lembrábase todos de Emilio "o da Cucha", que mataron xunto con Pepito Otero, de "o Cagallote", de "o Chiquitín", de "o Barbeiro", que se chamaba Constante Moreda, de Freiría, José Caride, fillo de "o Zapato", de Marcelino Mariño "o Perico", etc...

Detínase ou matábase por simple delación, moitas das veces as acusacións obedecían a agravios persoais e calqueira circunstancia podía ser motivo de encarceramento. Sacábase a xente das súas propias casas con pretextos do mais inxenuo ou sen ningunha razón máis que a da forza. A búsqueda de escondites e a caza dos fuxidos era implacábel, en realidade a única garantía de non ser atropellado era vestir a camisa azul da Falange.

Ao fuxir por medo a que o chamasen ao fronte, mataron a Puente Blanco, un rapaz de 16 anos, a súa curmá que nos da a noticia de que non se lembra de si se chamaba Manuel ou José.

Outros moitos morreron polos que fuxían, esto aconteceu

lles aos veciños de tres cañas de Menxueiro, as vítimas foron Domingo Fernández "o Barrabás", a súa muller Mercedes Posada Gonzalez e un fillo dos dous, Alfonso, de 19 anos, a señora Matilde e o seu fillo Alfredo, a Paulino Posada González, "o gicho", home da señora Berta, que é quen nos conta o feito: "o señor Domingo non escondía a ningún, pero debaixo da súa casa fixeron una mina (refírese a un túnel) que ia dar astra aquela corte, nela escondíanse sete ou oito persoas. Cando chegaron os falanxistas e a Guardia Civil descubríron a mina, pero os fuxidos lograron escapar, entón foi cando mataron aos das casas. Alfonso quedou ferido, eu vin como o levaban enriba dunha escada, así, como se fose unha camilla, pero un Guardia Civil, que se chamaba Paz, mandou que o tiraran ao chan e o rematou"...

NO MONTE

Moitos dos veciños de Lavadores conseguiron refuxiarse no monte. Ali continuaron coa loita e ali tamén toparon a morte.

Homes como Manuel Simón Campos, "Xenote", Avelino Otero, Manuel Mariño, "O Testas", atleta do club Vertias, os irmáns Pepe e Roxelio, "os Mundo", Roque "o fotografo" e moitos mais pagaron coas súas vidas a defensa da liberdade.

F.D.


o sanatorio do Calvario e as clínicas da barriada resultaban poucas, tendo que levar aos doentes a clínicas de Vigo, onde, por un xeito clandestino, quixeran

conta que había moito talanxista de aluviñ, persoas que sen ningún plantexamento ideolóxico

buscaban na Falange a impunidade do seu odio desatado ou a venganza das súas liortas persoais. Organizábanse batidas contra esquerdistas e mesmo contra persoas sen ningunha afinidade política, que eran encadeados e logo, moitos paseados. E como a cadea de Vigo, que fora vaciada de delinquentes polos rebeldes, axiña non foi suficiente para acoller aos detidos, foi preciso habilitar os frontóns que existían na rua María Berdiales, de onde fan partir moitos presos para o paseo fatal.

OS METODOS

A represión materializouse principalmente por dous procedimentos: os xuícios sumarísimos e os "paseos". E de paseos saben moito as parroquias de Lavadores, ben porque se deron na mesma carne dos seus veciños, ou porque se escolleron -caso de Puxeiros e o cementerio de Cabral- lugares da súa xeografía para as execucións. O sr. Caride Posada cantanos da morte do seu pai, D. Amante Caride Rodríguez, forxador de profesion e presidente da sociedade agraria de Cabral e do club Veritas: "Ao meu pai o colleron na casa, eles



Interior da "Sociedad de Agricultores". Ter frecuentado un deste locais era motivo de persecución.

O FIN

A barricada do "Seixo" desmorrose desesperadamente, pechouse a maior desgracia, a Guardia Civil, que astra aquel enton manecera impasíbel, sumouse a elevación e entre dos fogos acabou aquela resistencia.

A REPRESION

A loita rematará. Felipe Sansón ficou dono e señor da praza. Os bargantes, o capítulo máis duro e amargo escomenzaba. A represión foi extensa e afectou en toda Galicia, pero en Lavadores alcanzou cotas inasimilables. A Falange practicamente non existía astra a data "Alzamiento". Foi despois un furo militar cando se instalou na anterga Casa do Pobo, proliferou dun xeito desmesurado, astra o punto que os loitadores fixéronselle pequenos tendo que ocupar outras dependencias do Pazo de Castelros e a finca Pastora, así como outros edificios.

A Falange foi tristemente destruída nos meses de xullo a outubro de 1936 pola súa feroz e implacábel represión. Hai que ter en



# JOSE VILLAVERDE: LEMBRANZA DUN SINDICALISTA GALEGO (e II)

DIONISIO PEREIRA



A CHEGADA DA REPUBLICA

Comenzos do ano 1931. Son tempos de transición, de forte debate dentro das diferentes organizacións políticas e sindicais. Discútese na CNT que relacións ter coas forzas antimonárquicas, que postura adoptar ante o novo réxime.

Villaverde, colaborador de "Solidaridad Obrera" de Barcelona, clarificaba en varios artigos os seus puntos de vista encor do momento político prerrepublicano: compria intervir nel, non votando nen facendo parlamentarismo, senón teimando cos métodos propios da CNT para conquistar un estado de dereito que respetara as liberdades e permitira unha actividade sindical estábel. Deste xeito poderíase desenvolver a función creadora dos sindicatos, ou sexa: ao traveso dunhas conquistas mínimas en materias de ensino, liberdades individuais, dereitos de folga, xuntanza, etc., a CNT traballaría para afiliar aos millóns de traballadores aínda non sindicados, creando unha organización interna máis axetada á tendencia monopolista do capitalismo: as federacións estatais de Industria. Pero aínda había máis; Villaverde, coma Peiró, vía posíbel acabar co capitalismo en pouco tempo, pero a CNT non tiña unha mentalidade revolucionaria sen derivar nunha burocratización do sistema, ao estilo ruso.

As federacións de Industria, serían ademais de ferramentas de loita anticapitalista, a base de esa capacidade organizativa e revolucionaria que ordenaría a nova sociedade.

O antedito implicaba certamente un marxe de confianza a República, evitando polo momento calquer enfrentamento frontal. Estes pensamentos básicos foron desenvolvidos por Villaverde ca sua proverbial brillantez oratória, no Congreso da CNT de xullo do 31, na ponencia "La CNT frente a las Cortes Constituyentes". O debate, moi duro e con frecuentes incidentes, enfrontou os faistas, partidarios dunha acción revolucionaria inmediata, con Peiró, Villaverde e outros. Particularmente tensa foi a liorta entre García Oliver e Villaverde. Ao remate, a ponencia saíu aprobada coñ matizacións, pero a partires de entón sería atacado de cotío polos anarquistas máis impulsivos.

Este intre, nembargantes, non favorecía aos moderados. A crise económica, a intransixencia patronal e as vacilacións, non exentas de dureza represiva do goberno republicán, levaban ao enfrentamento e propiciaban a impaciencia revolucionaria da FAI. Galicia non foi unha excepción; o vran de 1931, comezou na Coruña cunha folga xeral convocada pola CNT en protesta pola actuación da Guardia de Asalto nuns incidentes producidos a saída dun mitin cenetista, ante os que lle quixeron pór lume a igrexa dos Capuchinos. Tamén a folga estatal da Telefónica tivo especial virulencia na Coruña: detencións, prohibicións de mítines, numerosas petardos... Namentras Villaverde foi elixido secretario xeral da CRG, nun pleno celebrado en Vilagarcía o que acudiran 300 delegados de toda Galicia.

O remate do vran, a situación interna da CNT a nivel do Estado faise do máis inestábel: o manifesto dos "Treinta", que recolle as tesis moderadas, fai de aguillón na diferenciación dos bandos. Non temos que decir que Villaverde, amigo de varios dos firmantes (Pestaña, Peiró...), estaba de acordo con eles. Pouco despois a CRG posicionárase ante esta polémica. A derradeiros de setembro, a Federación Local da Coruña discutirá ambas posicións. Tras un debate, no que abondaron as disputas, a organización coruñesa decidiuse pola postura "treintista". Xunto con Villaverde, defendérona M. Vazquez Sampayo (Oficios Varios), Silvio Santiago (Dependentes de Comercio), Sanz (Barbeiros), Constante Iglesias (Construción), José Prego (Alimentación), Eladio Muñoz (Tranviarios)... Aínda que nalgunhas Regionales, onde os sindicatos "treintistas" eran minoritarios, producíronse expulsións, en Galicia e Asturias ao teren estes a maioría, a CNT non rachou.

## RADICALIZACION DO PROLETARIADO GALEGO

Doas folgas salientan en Galicia en 1932; as da Cons-

trucción da Coruña (na que conquirise o seguro de vellez e enfermidade e a semán de 44 horas), e as da flota pesqueira da ría de Vigo. Nas suas resolucións participa Villaverde xunto con militantes como M. Fandiño, nese intre en Vigo. Pero a sua actuación, que contivo o impetu dos máis radicais (autores do atentado contra Paz Andrade en Vigo) e aceptou a mediación do enviado do Ministerio de Trabajo no segundo conflito, continuaría sendo o branco de abondosas críticas. Neste tempo, "El Luchador", periódico barcelonés de Federica Montseny e do seu pai, viñalle adicando moita atención a Villaverde. Referíndose a el escribían en Novembro: "En la Confederación no habrá paz, mientras haya líderes que vivan y quieran vivir de ella... Sobre Huelva hay un nombre! Sobre La Coruña hay un nombre!... Son obreros que huyeron del taller y que... viven de las cuotas de los trabajadores y aspiran a los cargos públicos, pervirtiendo las ideas y las tácticas de la CNT". As críticas non lle viñan só de fora; en Galicia e froito da progresiva dureza da loita social, os vellos dirixentes cenetistas como Fandiño, Villamor, Mario Rico, E. Collado, José R. Suarez... escomezaron a estar inquedaos por unha nova xeración de militantes, algúns deles faistas, e outros moitos que sen selo, seguían unha práctica sindical idéntica. Entre eles, Manuel Amil (de Santiago), José Moreno, Furnerake (exilado arxentino e líder das Juventudes Libertarias), Hermida, Jacinto Méndez, F. Llerena (todos de Coruña), Claro José Sendón (Lousame), Abella (Ferrol)...



Con respecto a FAI, aínda que a sua implantación era cativa (16 grupos e 150 afiliados no 33), a sua influencia medrará, sobor de todo na Coruña, a partires da organización das J.J.L.L., moi controladas polos faistas.

Todo isto amenaza con dividir a CRG en dous bandos irreconciliábeis. Namentras Villaverde continua a sua labouira sindical, combinando dúcias de mítines en Galicia, Catalunya, País Valencià, etc., a carón dos líderes máis coñecidos da CNT, con unha activa labouira periodística, ademais de dirixir a "Soli" da Coruña, é corresponsal da de Barcelona, e de "CNT" de Madrid. A outro nivel continua por libre os seus estudos de Dereito.

Chegado 1933, José Villaverde comprende que a unidade-se veí comprometida, e aínda que a sua liña de conduta é compartida por boa parte do Sindicato, presenta a dimisión dos seus cáregos en Febreiro. E substituído na secretaria por José Moreno, e na "Soli" por Claro J. Sendón, vencellado a FAI. Non obstante Villaverde seguiu nos organos de dirección confederal algun tempo, agora levará a secretaria do Sindicato de Transportes coruñés, representándoo na Federación Local. Pouco despois entrou a traballar como listeiro nas obras da nova estación do ferrocarril.

Ca nova dirección, moito-mais achegada aos métodos faistas, a actividade da CRG radicalízase: na Coruña, prodúcese no ano polo menos unha quincena de folgas, algunha delas moi duras, como as dos Camareiros e a Construción, e por toda Galicia xeralízanse os atentados: estoupan bombas na Coruña, Padrón, Ferrol, Moaña...

Capítulo aparte son as dúas folgas xerais de Maio e Nadal, seguidas por todo o proletariado de Santiago, Coruña, Vilagarcía, Tui, parte do de Ferrol e diversos pobos de Coruña e Pontevedra. A de Nadal, de carácter revolucionario, durou 6 días e tivo unha especial importancia na Coruña, a pesares da oposición a sua convocatoria dos sindicalistas moderados. Os constantes tiroteos ca forza pública produciron dous mortos (un garda e o ferroviario Llerena) e moitos feridos. Cóntase que a consulta do Dr. Pérez Hervada (un dos "homes bos" da CNT de entón) estivo chea eses días. A situación fíxose tan comprometida para as autoridades que o cruceiro "Almirante Cervera" atracou no porto participando os marinos na custodia de edificios públicos e patrulla pola cidade. Houbo máis de 400 detidos que ó non caber na cadea nin no castelo de San Antón, metéronos presos no barco. En Santiago, así como noutras localidades onde os moderados tiñan a maioría o paró foi pacífico e con carácter solidario. Os moderados baseaban a sua oposición na necesidade da participación da UGT no movemento como condición precisa para que este tivera éxito.

En realidade, o desgaste producido polas revoltas e a ameaza do fascismo prantexaban a necesidade de union das diferentes correntes proletarias: as Alianzas Obreras. Xa denantes destas folgas, a posición maioritaria en Galicia era favorable a Alianzas. No pleno estatal de Febreiro do 34, a delegación da CRG defendeu esta postura conxuntamente con Asturias. Tamén José Villaverde distinguiuse na sua defensa, nunha serie de artigos que publicou no xornal madrileño "La Tierra", escritos co alcume "Juan Jose". Nembargantes a actitude da CNT galega cambiou (por motivos que non puiden acrarar) nun pleno celebrado en Ourense na primavera do 34, grácias a postura dos faistas, reacios á calqueira alianza co PSOE. Pouco despois a CRG uníriase a condena que as demais Regionales farían a firma da Alianza Obrera de Asturias por parte da CNT asturiana.

As decisións tomadas en Ourense orixinarán a saída de algúns militantes da Coruña, Santiago e Ferrol das direccións nas que se atopaban, e a fundación do Partido Sindicalista en Galicia. Outros, aínda que non se uniron, retraéronse da actividade sindical. Entre eles José Villaverde, que aínda que mantivo unha intensa correspondencia con Pestaña, na que este plantexoulle a sua entrada no novo partido, sempre teimou no seu antiparlamentarismo e nas esperanzas de reconstruír a CNT. A pesares de que nos derradeiros anos da República non levou unha actividade sindical relevante, non desapareceu da vida pública: aínda moitos coruñeses lembran o seu vibrante discurso de benvida aos amnistiados polos sucesos de Asturias, rubido a unha farola na Plaza de Maria Pita.

Home honrado, como a propia Federica Montseny reconecería despois da sua morte, e firme nos seus ideais, foi querido e respetado por persoas de todas as ideoloxías. Contábanse entre os seus amigos, republicáns como Iglesias Corral e Casares Quiroga, socialistas como Mazariegos, sindicalistas como Fandiño, Manuel Fernandez, Constante Iglesias... e inclusive galeguistas como Otero Pedrayo. Detido días despois do levantamento militar, deu unha derradeira mostra de esa firmeza, ó rexeitar a proposta dos falanxistas de participar na construción dos sindicatos fascistas a cambio da sua vida.

Días máis tarde, José Villaverde é sacado da cadea e asesinado perto de Oseiro (Arteixo). Tiña 42 anos.



## ESPAÑA A POLITICA DO GOBERNO A DEBATE

X.L.GARCIA LABANDEIRA

Cando este número se poña á venda, nas Cortes españolas terá rematado a máis espectacular partida das celebradas nos últimos meses, do xogo que os señores deputados adoitan practicar nese sitio con resonancia a pedaleo, no que seica se fabrica unha cousa que se chama democracia: o hemicycle. A partida, desta volta chámase "debate parlamentario sobre a política do Goberno" e aínda que os participantes parecen estar moi cabreados entre eles, non é presumíbel que pase nada, porque despois do recelo con que aparece pola citada palestra e máis dos aplazamentos que veñen impondo, seica que o Goberno ten todo ben atado. E dicir, vai falar moito tempo, e deixar que a oposición fale tamén, aínda que non tanto, para que ao remate ninguén diga nada, e sobor de todo para que non faga cambear nada o que nos debates destes días se vai dicir.

### UN BON MONTAXE PUBLICITARIO

Deste debate vense falando intensamente nos medios políticos desde que no seo do Goberno se produciu a crise, solucionada hai agora un mes, pola que a composición do Executivo se viu aínda un pouco máis a dereita, quedando máis directamente baixo o control persoalista do Presidente Suárez. Este feito que supón o desenmascaramento progresivo da verdadeira faciana da democracia española, como tapadeira do absoluto dominio dos monopolios que se manifesta nunha falla de política económica e nunha política titero no eido das relacións internacionais e, xa que logo, non vai buscar solucións coerentes nen ao paro nen a inflación e que nen xiquera consegue controlar as forzas nostálicas do franquismo, cuxa influencia nas actuais institucións do Estado se ten evidenciado nas últimas semanas, fixo que a oposición parlamentaria, o mesmo que algúns sectores liberais e neocapitalistas do Partido do Goberno, viran chegado o intre de pedir contas ao Executivo e aproveitando o seu acorralamento polos problemas citados e máis polos evidentes fracasos da súa política autonómica nas eleccións de Euskadi, Catalunya e Andalucía, ir preparando para o relevo de Suárez para seguir a manter o sistema político que aceptaron

ao aprobar a Constitución. E así, nun principio, escollerase a data do día 13 deste mes para a celebración do debate, pero o Goberno, que evidentemente dispois de sair dunha crise ministerial dun mes de duración, estaría un tanto falto de coordinación, logrou retrasala deica a semana presente. E non é, como quere facer crer o PSOE, que ao Goberno non lle interese este debate, despois do descreto no que ven caindo diante da opinión pública precisa unha inxección de aparencia democrática que o faga tirar outra tempada, sendo que, por outra banda, como xa ven sendo costume non vai dicir nada, ou somentes vai dicir que para isto seña preciso, respaldado pola maioría con que seguramente vai contar. O que si parece polo clima un tanto artificial de expectativa que tanto a prensa pro-gubernamental como a da oposición veñen despertando, é que con este debate quere dar ao sistema democrático, cuxa base é a Constitución, e sobre todo ao Parlamento, a credibilidade que cada vez máis van perdendo diante do desencanto que tanto as súas actuacións legislativas coma as do Goberno van producindo na poboación.

### A ESTRATEXIA DA OPOSICIÓN

A espera do que pase nos vinte minutos que cada grupo parlamentario tén asignado para

as súas intervencións, e máis nas réplicas e contrarréplicas anteriores ás votacións das propostas, tanto do Goberno como dos grupos, está craro que a oposición parte da certeza de que o Goberno non vai propor ningún programa de actuación concreta, a non ser posibelmente no eido autonómico e, xa que logo, no que eles chaman "o reforzamento do imperio da lei", e que se vai limitar a esbozar panorámicas e a proclamar intencións como, por outra banda, é a súa costume, e como deixa entrever a comunicación que enviou ao Congreso para servir de base ao debate e co que toda a oposición se mostrou moi crítica. Diante disto, as intervencións dos grupos, sobre todo a do PSOE, serán para propor liñas de actuacións concretas, das que, segundo declarou o secretario do grupo parlamentario socialista, Virgilio Zapatero, estaría excluído polo de agora dunha moción de censura contra o Goberno.

Posibelmente unha das cousas máis dignas de salientar dos prolegomenos deste debate sexa a unanimidade das críticas, tanto da oposición parlamentaria como da prensa, contra o Presidente e o seu Goberno por primeira vez desde a súa investidura hai máis dun ano, críticas nas que é o PCE quen ten posto a meirande virulencia desde que Carrillo criticara cada un dos movementos dos habitantes do palacio da Moncloa, hai pouco máis dunha semana na celebración do sesenta aniversario do Partido e cuxa tónica continuaba o día 19 o secretario do grupo parlamentario comunista, Enrique Curiel, cando declaraba, referíndose ao texto da comunicación do Goberno, para servir de base ao debate, que non comprendía como a Suárez non lle daba vergoña presentar unha cousa así ao Parlamento

## PAISES CATALANS REFORMA-RUPTURA, POLARIZACION QUE SE AGUDIZA

XAVIER ROMEU

Efectivamente, os Países Cataláns — e, en xeral, todo o Estado español — tópanse sometido as presións derivadas do esgotamento de recursos da "operación reforma". A Constitución española, a autonomía rexionalista, e o conseguinte intento de asimilación da "periferia peculiar" non conseguiron os fins que se propuxeron: apaciguamento das reivindicacións nacionais nas nacións asoballadas, desvirtuación da loita de clases a traveso do Pacto social.

### AS ILLES FRENTE A AUTONOMIA

Nas Illes produciuse recentemente un feito altamente sintomático: a UCD balear cometera a lixeireza de manifestarse precipitadamente partidaria da vía constitucional que ofrece o artigo 151 para alcanzar o Estatuto de Autonomía. Pero esta vía, como é sabido, é a mesma que reclama a esquerda reformista, quen non tén interese ningún nun autogoberno popular (xa non falamos do dereito á autodeterminación, da reunificación ou da independencia nacionais) pero que defende unha descentralización administrativa que, sen cuestionar a intanxíbel integridade estatal, permita unha certa verborrea rexionalista, que nomean enfaticamente "reconstrución nacional"

Esta esquerda doméstica e obediente deles absolutamente necesaria aos proxectos franquistas da UCD, porque lle permite xogar o papel da boa vontade, da vontade de entendemento: acosada dun lado pola dereita inmovilista e do outro pola esquerda apurada que quere impor a vía do artigo 151, non lle queda máis remedio que tirar polo prudente e cartesiano camiño do meio: un 143 bó e xeneroso, e todos contentos.

Por iso a UCD española non pudo permitir o desvario da UCD balear e viuse obrigada a chamarlle a atención: "mallorquines, os habeis pasado". E a UCD balear, obediente e española, arrepiouse e fixo o propósito de enmenda. E rectificou. Agora o debate vaise levar nas súas "xustas medidas": a esquerda civilizada apurando o 151, a dereita civilizada polo 143, e os demais a calar. Desgraciadamente, a esquerda, a inexistente esquerda, xa o fai, aínda que non así o fascismo españolista. As nosa Illes seguen andando coxas á hora na que as circunstancias esixirían a presenza dunhas forzas populares non claudicantes.

### O AVANCE DA ESQUERDA NACIONALISTA

Pola súa banda, no País Valenciano, á hora en que a esquerda nacionalista e non dimisionaria está manifestando a súa crecente capacidade de convocatoria e de mobilización, como o demostrou nos actos masivos do 25 de abril, conmemoración da batalla de Almansa e do 1 de maio, a hora en que a loita pola reconstrución nacional abandona os círculos dos iniciados para choutar con forza á rua, prodúcense tamén dous feitos autamente sintomáticos. Dunha banda, a agudización da campaña de destru-

cción nacional, protagonizada pola legal UCD e os ilegais grupos e bandas fascistas que emprenderon as accións legais e ilegais respectivamente, de propoñer a creación dunha Academia Valenciana (e xa que logo anticatalana) e de acentuar as agresións contra militantes e institucións do nacionalismo. Por outra banda, a convocatoria dunha manifestación anticatalana e de defensa da "personalidad valenciana", que tivo lugar o pasado día 10, e a elección, nada casual, de Valencia para a celebración do "Día de las Fuerzas Armadas", que vai ter lugar o vindeiro 1 de xuño, e do que xa daremos noticia.

### XUICIO A PATRIOTAS CATALANS

No Principat de Catalunya, a polarización da que falamos tamén tén atopado recén a súa tradución aos feitos. Xa é sabido que o vindeiro doce de xuño a "Audiencia Nacional" de Madrid vai xulgar a dous patriotas cataláns acusados, sen proba ningunha, de teren participado na morte do industrial Bultó. Pola demostrada militancia dos dous patriotas nunha organización independentista catalana, os feitos que se apoñen, acontecidos en maio do 1977, entrán en amnistía decretada no outono dese mesmo ano. Co fin de sensibilizar mobilizar ao noso pobo do abuso legal que tenciona xulgarlos como delinquentes comúns, os "Comités de Solidaritat amb els Patriotes Catalans" — nados hai máis dun ano e que loitan pola liberdade dos patriotas na cadea e pola libre volta dos asilados — teñen encetada unha campaña de denuncia dos arbitrarios arrestos e do carácter que a Xusticia española teima en lle dar ao xuicio.

Ben, pois a resposta non agardou por ninguén: un autonomeado "Batallón Catalán-Español" ameazou de morte a 64 persoas, ligadas ao movemento nacionalista e independentista se antes do vindeiro seis de xuño — ou seña, antes do fixado o xuicio — non se teñen afastado dos "círculos marxistas e separatistas" en que se moven. Estes "círculos marxistas e separatistas" son, obviamente, os "C.S.P.C." e as organizacións políticas que colaboran no seu seo. Unha vez máis, a ultradereita españolista e a esquerda nacionalista teñen choutado a un primeiro plano perante o silencio cómplice da chamada "dereita nacionalista" e a esquerda reformista.

O proceso sigue, a cada volta máis lonxano dos plans da reforma.

## EUZKADI ESCALADA ULTRA E ATENTADOS CONFUSOS

ANTON OLEA

Houbo un día, o 17 de maio, no que as portadas dos periódicos non daban feito para informar dos acontecementos da víspera: ametrallamento de dous Gardas Civís na pequena vila nafarra de Goizueta, abatido a tiros un pequeno empresario de Gipuzkoa, ferido gravemente o xefe do persoal de "Michelin-Vitoria" e voladura dunha cruz na vila bizkaina de Durango. A mesma canción de sempre, somentes que dous destes actos trouxeron unhas repercusións dignas de ter en conta.

A morte na localidade guipuzkoana de Zumaia do dono dun pequeno taller de carrocería, Ceferino Peña, desconcertou á poboación desta vila da beira-mar. Discutido o asunto no axuntamento todas as forzas, quitando Herri Batasuna, apoiaron unha moción de condena ante o feito. Esta postura non tén nada de excepcional na medida en que ocorreu máis dunha vez, pero o que si é insolito é que namentras que HB adoptaba esta postura, o patrio abertzale e radical LAIA, recén escindo de HB, e EMK, outro grupo afín a HB no que ás posturas antirrepresivas se refire, sumáranse a manifestación de protesta impul-

sada polas forzas parlamentarias. Este feito dá a medida do abraio habido diante desta acción armada. A pesares de que aínda non foi reivindicada, a postura de HB ven de indicar que esta coalición non pensa precisamente en que as pistolas estiveran empuñadas por mans ultradereitistas.

### AS ACCIONS DA ULTRADEREITA

A acción contra do xerente de "Michelin-Vitoria" tamén trouxo cola en canto que os bases asistían a un feito insólito.

De certo, samente horas despois de que se publicara o anuncio de ETA-Militar no que se

responsabilizaba do ametrallamento, os Comandos Anticapitalistas chamaban aos medios de difusión para denunciar o "sobexo de protagonismo da loita armada de ETA-militar", ao mesmo tempo que anunciaban que os homes responsábeis desta acción pertencen aos mentados comandos. Ao marxe desta confusión, o certo é que a pola militar de ETA continua decidida a facer uso da súa forza a todo, tal como o amosan o ametrallamento dos Gardas Civís en Goizueta.

Aínda hoxe non se apagaron os ecos da violación recén e morte dunha moza nas inmediacións de Donosti, atribuída por sectores da "vox populi" a algun grupo dos chamados incontrolados, pero que á súa vez moitos relacionan coas Forzas da Orde Pública. De momento hai un dado certo: hai varias semanas suicidouse en Sevilla, coa súa noiva, un Garda Civil percente á dotación do pobo de bizkaino de Bermeo, que fora acusado de

violación polos veciños da localidade e tivera de prestar declaración por tal cargo.



## "ANTE A OFENSIVA IMPERIALISTA" 15º congreso da E.D.B.

Nestes días chéganos o n.º 197 da revista *Le Peuple Breton*, no que se rende noticia da celebración do Congreso n.º 15 da U.D.B. (*Unvaniezh Demokratel Breizh*, Unión Democrática Bretona), a forza de máis peso tanto electoral como organizativo de Bretaña. As sesións desenroláronse durante os días 5, 6 e 7 na cidade de Sant Naser, enclavada nun departamento (o de Loire-Atlantique), que o Estado francés "esgazou" administrativamente da comunidade nacional bretona.

No Congreso pasouse revista á situación actual da economía bretona; a situación da agricultura, "nun estado de dominación que se explica maiormente en base á política comunitaria europea", da pesca, "abocada a liquidación pola integración europea e a política de abandono do Goberno francés", e a industria, "nunha situación que se concreta na desaparición da industria tradicional, a desfeita dos sectores máis proveitosos para a sociedade bretona e a implantación, dentro das iniciativas favorecidas polo poder francés, unicamente das centrais nucleares coloniais". A este nivel, a U.D.B. centra a súa estratexia e acción política na loita contra desta ofensiva dos monopolios, "concretada neste momento na prioridade absoluta da loita polo pleno emprego, que acabe co paro e a emigración, única maneira de abordar calquera proxecto de desenvolvemento do país". Por motivos tanto industriais como ecolóxicos, orixinados na propia concepción ideolóxica do partido, considérase tamén prioritaria a loita contra a imposición nuclear.

No político, a U.D.B. entende que a actitude do Goberno francés de Giscard "dacordo coa estratexia do capital, é a máis regresiva dentro da Europa occidental, na cuestión da descentralización, da que está abando-



nando toda noción". A estratexia da U.D.B. ao respecto vai en orde á "creación d'un bloque amplo ideolóxicamente en base ao noso proxecto descolonizador". No internacional, a U.D.B. manifesta a importancia da existencia dos países socialistas, "a pesares da aparición recén de tendencias hexemónicas", salientando tamén a importancia fundamental da loita dos países "subdesenvolvidos" e dos traballadores dos países capitalistas.

"a pesares das contradicións e divisións graves no seu seo".

A U.D.B., ademais, adopta o compromiso, en tanto que forza anti-imperialista, de manter a vixilancia "sobre a política imperialista do Estado Francés" e "o respecto ao dereito dos pobos de dispoñeren deles mesmos". Asemade, rematan, "O Internacionalismo da U.D.B. débese concretar antes de nada na solidariedade activa coas organizacións progresistas dos pobos asoballados da Europa Occidental".

## MIAMI VOLVESE CONTRA USA

As cartas que aos poucos vai repartindo o correo británico (en folga de celo) levan un "orixinal" mataselos que di: NATO: thirty years of peace".

Trinta anos de paz? Se non fose polo inglés e máis pola silueta da rainha pareceríanos estar diante de aquel slogan dos "vintecinco anos de paz" que a propaganda oficial espallou pola nosa terra alá no ano 64. E se cadra con máis fundamento que neste caso. Pois este país certamente non se pode gabar dunha posguerra pacífica.

Non ben rematou a guerra (que Inglaterra "gañou" gracias á capacidade técnica americana e ao sacrificio humano ruso) comezou o desmantelamento do império británico, que non foi tan pacífico como nos querían facer ver, e a testemuña son as "troubles", "crises", "emergencias", etc., ou sea os lios en que os ingleses andaron metidos polo mundo adiante. En Kenia foi o Mau-Mau, na Malaia a gue-

rrilla comunista, na Palestina os sionistas, na India os gandhistas, en Chipre os enosistas. E qué diremos da metedura de pata en Suez?

Máis lios? As Malvinas, Belice, Xibraltar. E máis recentemente as guerras civís en Irlanda do norte e en Rodésia do sul (pois tal é o nome oficial da colonia británica que os nacionalistas chaman Zimbabwe). Cando houbo "lios" nunha colonia, Inglaterra non dubidou en mandar a escuadra con reforzos, como fixo en Kuwait, Anguilla, Aden. Este país fomentou o separatismo vivo na guerra de Biafra e logo axudou a esmagalo, asegurado xa o suministro do petróleo nixeriano.

Mercenários ingleses combateron contra Neto en Angola. Ingleses fixeron unha falida incursión en Albania comunista, nos anos da guerra fría. Inglaterra mesmo lle ensinou os dentes á pequena Islandia na

"guerra do bacallau".


Onde están os famosos trinta anos de paz para celebrar? Non será no terreno político, onde os ingleses "ofrecen" ás nacións do Reino Unido unha

"devolución" tan deslabezada que lla teñen que rexeitar; nen será no terreo laboral, onde este país bate o récord de folgas, tanto con gobernos laboristas coma conservadores; nen no racial, onde, apesar dunha lexislación antidiscriminatoria, a integración non existe; nen no feminismo, que hoxe está a recuar na Inglaterra do "fair lady". Os ingleses nen tan xiquera se aclaran respecto ao Mercado Comun.

E mentras tanto crecen o neofascismo, a xenofobia, a ignorancia e o desentendemento dos problemas reais do país. 30 anos de paz? Mais ben de "paü", como dirían os cataláns.

CARLOS DURAN

## Gran Bretaña quere a "paz"



JJ. NAVARRO  
LL. MOIX

O estoupido dos disturbios en Miami, a rivalidade entre a comunidade negra e cubana da cidade, os problemas creados polo éxodo de cubanos cara a zona, e a batalla do estreito de Florida con Fidel Castro ameazan con empañar a campaña electoral de Carter.

Aínda falta moito para que remate a batalla do estreito de Florida. Case un milleiro de embarcacións fican aínda no porto de Mariel, listas para zarpar a Cayo Hueso e Miami, en canto Castro autorice a saída de aspirantes ao exilio con destino a Norteamérica.

A decisión de Carter de non seguir recibindo cos brazos abertos ás decenas de milleiros de fuxitivos cubanos que chegaron a Florida nas derradeiras semanas — calcúlase que chegaron unhas 50.000 mil — sementou o pánico entre os anti-castristas que viven en Florida e que tamen que con esta decisión do presidente se pechen definitivamente aos seus parentes e amigos.

A Marina estadounidense patrulla desde o luns pasado, con numerosos navios, mesmo un porta-helicópteros, os escasamente douscentos quilómetros de mar que separan Cuba da punta de Florida, en Cayo Hueso. Se a Marina adicase a interceptar barcos e pequenas embarcacións procedentes do porto cubano de Mariel pode desencadear grandes traxédias humanas. Os refuxiados non poderían quedarse en alta mar e é moi probable que se negasen tamén a voltar entrar en águas xurisdiccionais da illa.

Hai once días, Fidel Castro autorizou a saída de Mariel do cruceiro de recreo "América", cargado con 400 cubanos, entre os que abundaban enfermos mentais e delinquentes liberados das cárceres para USA esta medida veise como unha especie de represalia propagandística cubana a decisión de Carter de acoller a todos os cubanos que desexaran saír do seu país. Carter mordeu o anzol do líder cubano aí anunciar que se acabara o recoller indiscriminadamente os refuxiados cubanos e propor que os aspirantes a exiliarse nos Estados Unidos foran inspeccionados por funcionarios estadounidenses antes de deixar a illa.

A resposta política de Fidel neste póker é de esixir o establecemento de relacións diplomáticas entre Washington e La Habana e o levantamento do bloqueio económico estadounidense.

Non é fácil que Carter se avena a pagar tan alto prezo político.

Nun ano electoral, a batalla do estreito de Florida está chea de riscos para o presidente norteamericano. Non pode contar con métodos brutais o "Puente de la Libertad" e quedar como un político cruel.

Por outra banda, o estoupido dos disturbios raciais o pasado fin de semana en Miami (que produciron máis de 19 mortos) e a protesta de distintas organizacións negras contra o favoritismo aos cubanos de Florida convertíuse nun problema de primeira magnitude a escala nacional, co grave perigo para Carter de "salpicar" a campaña electoral. A opinión pública yankee é especialmente susceptible a todo o relacionado coa Cuba de Fidel Castro. O problema dos cubanos procedentes de Mariel mesmo se complica porque os negros estadounidenses quéixanse de que hai un criterio discriminatorio á hora de conceder asilo aos refuxiados políticos do Caribe, xa que os haitianos, que son de coor teñen moitas máis dificultades que os cubanos (e o problema dos refuxiados haitianos vense arrastrando en Florida desde hai tempo).

Por último, non cabe pasar por alto que as manifestacións do aínda moi influente grupo racista Ku-Kux-Klan nos estados do sul contra a inmigración cubana constitúen unah andanada de advertencia a Carter do senso de que se pode xogar millóns de votos nas eleccións presidenciais de novembro.



Finou a liga de fútbol na primeira división estatal pero os seus ecos aínda se se oiran escoitando: que se compra e venda de partidos, as primas a terceiros, as axudas dos árbitros ao sistema establecido (Real Madrid). Todo un comercio, especúlase que aquí tamén existe unha organización parecida a descuberta en Italia, pero a máis gran escola, na que estarian inmersos importantes homes da política e das finanzas. Como se ve, de deporte nada.

¿Espectáculo? Algunha vez. ¿Alienación?; case sempre  
Pero aínda seguen a existir deportes no senso primeiro da palabra, e deportes entrocados coa indiosincricia e a realidade dun pobo. En

Galicia estase a practicar hoxe de forma organizada, da outra forma sempre se fixo, o Campo través

Estas probas atléticas agroman por todo o chan nacional, onde sempre xurdiron auténticos campeóns, moitos deles malogrados por falla de planificación, axuda e por influencia do mecatilismo capitalista.

## A CAMPO TRAVES, DEPORTE GALEGO

Existen competicións deportivas no noso país, que a pesares das dificultades de toda índole (económicas...) se realizan coa maior calidade e participación atlética que se pudiera esperar.

Dentro do atletismo temos competicións de campo a través, que hoxe por hoxe podese encuadrar como un dos deportes máis axeitados e de maior tradición popular que se poden practicar en Galicia. Unha de estas probas atléticas é o Trofeo de Campo a Través "Medico Ricardo Tobio" que se ven a facer desde xa fai seis anos no Colexio de Esteiro (Muros) con unha participación masiva de atletas e colexos da provincia e en cuas bases se fai sempre un chamamento a participación a nivel galego.

Este ano como anteriores e quizais con maior número, xuntáronse para competir arredor de seis centos participantes que representaban un total de quince colexos (a parte atletas que o fixeron fora de concurso). A perspectiva aberta en outros anos, propaganda e o chamamento a colaboración, levou a que a xente de Esteiro e a súa comarca natural e do ámbito do colexo (Tal, Abelleira), tendas, comercios e outras entidades colaborasen coa aportación de trofeos ou axudas económicas. Pero e de destacar a asistencia e participación dos veciños no momento da proba, así como de técnicos no control das probas, mestres e rapaces do colexo, o que fixo que se convertira esta nun motivo de participación popular; de aí que o remate foi unha verdadeira festa deportiva coma noutras vegadas. Aquí temos un avance do que se pode considerar como un deporte escolar e popular galego.

Todo este Historial non serviría de moito si de el non aprendéramos algo pro futuro do noso deporte. No desenrolo e traballo destes seis anos veñen saíndo atletas que deberían ter acollida, pero ano tras ano as instalacións e os medios veñen a ser os mesmos e a atención a estos rapaces (futuro atletas ou deportistas) ao saír da escola e nula ou mínima no mellor dos casos.

Os nosos nenos non só teñen unhas malas instalacións (vestuarios reducidos, duchas...), material e medios para practicar de unha maneira igualitaria na escola ou na vila senón que padecen tamén o fracaso unha vez que conseguiron ver os seus logros deportivos a un determinado nivel a non poder continuar con garantías de levar adiante a súa afición, tampouco nos Institutos, Colexos ou nas vilas onde quedan a traballar existen estes medios, nen persoas que se dediquen dunha maneira maiormente

racional a dar continuidade ao seu traballo atlético ou deportivo en xeral. Velaí dúcias de atletas, futbolistas... cadetes e xuvenís que hoxe xa non compiten nen participan e se o fan é cunhas condicións moi mermaidas con respecto ás dos seus compañeiros máis pequeños que aínda están no Colexio practicando.

Inténtase xustificar este fracaso con que os rapaces fanse maiores, que comenzan a fumar, a beber, que lle van máis as mozas... Pero eu continuo a pensar que o que sucede é que a nosa xuventude non alcontra acougo nen lugares onde espallar as súas aficións deportivas, culturais e sociais e que carecen dos medios máis elementais para practicalas e aínda encontrando tropezos e malas caras naquelas nas que dalgunha maneira debían estar ao seu servizo. Craro que nós estamos en Galicia e moita da nosa xuventude é do campo, das aldeas e vilas mariñeiras e "aí xa se fai deporte arreo". Estes nenos disque xa non necesitan ser orientados e que non precisan doutros medios que as súas praias, eiras ou comiños de carro. Se ben certo é que estes medios tamén se poden usar para a practica do deporte, non por iso deben ser privados doutros servizos que lle permitan maiores garantías de saúde, de control do seu esforzo etc. Pero si poden ser explotados cando sae unha "figura" para póla ao servizo do montaxe deportivo e ideoloxías españolas do momento, negándolles, nembargantes, o dereito a poseer os mesmos medios que os rapaces das zonas urbanas (caso de Polid, Bastiagueiro) ou doutros países do mundo. Non se debe buscar o enfrentamento vila-cidade que algúns organismos intentan provocar para que esquezamos cal é o problema real da situación e práctica do deporte nas escolas e nas vilas, senón buscar as causas que realmente xeneran o problema, que moi ben poideran estar na planificación, falla de control económico e colonización coma outros eidos da cultura popular. ¿Acaso as nosas escolas non deben ter unhas instalacións adecuadas para impartir actividades físico-deportistas cara a formación integral dos nosos rapaces? Craro que este problema está enmarcado no que se plantexa a nivel xeral da necesidade dunha atención ás escolas e centro educativos como servizos públicos igualitarios no conxunto da problemática da escola estatal. Unha vez máis vemos que as estruturas do deporte e do ensino español non se axeitan á nosa realidade.

RICARDO SUAREZ  
REGUEIRO



### A ESTRADA I cross do Foxo

O pasado domingo, día 12 deste mes de maio, celebrouse no Foxo (A Estrada) o "I CROSS DO FOXO", organizado pola Comisión de festas da Virxe da Regla da citada parroquia. O bo tempo que fixo durante a proba, unido ao gran número de participantes e o carácter popular e festivo da mesma, fixo que fora un verdadeiro éxito.

Escomezou as 10,30, como estaba programado, coa saída das categorías Seniors e Xuveniles, que fixeron un recorrido, por pistas e montes, de 5 km. Pouco a pouco e desde as distintas saídas forono facendo os Cadetes, Alevins e Benxamins, xa que estes era un Cross por categorías. Cada unha levaría 1000 metros menos que a anterior (coas salvedades das mulleres que corrian menos en todas as categorías).

Cando todas as categorías remataron e chegaron a meta, fíxose unha carreira para benxamins de corto recorrido na

que participaron nenos de poucos anos de dous anos.

O número de corredores foi moi alto, arredor de 800, habendo entre eles homes de máis de 60 anos.

A organización (formada por unha comisión especial da comisión de festas, coa axuda de colaboradores), entregou o remate, e xa coa choiva de enemigo, os trofeos e premios a case a totalidade dos participantes, xa que foron os que se quedaron sen eles.

Un Cross moi popular, e perfectamente organizado, nun ambiente, de amizade e colaboración tanto de firmas comerciais como de veciños e xente de toda a Estrada e de fora dela, os gaiteiros do C. N. do Foxo, banda de música, bombas, cuncas de Buño, bo viño, pulpeiros e altavoces, puxeron a nota alegre e festeira neste Cross.


Supoñemos que probas como esta non morrerán, porque ademais do aspecto deportivo que

conlevan, son un xeito de achegamento das xentes, a pesares dos intentos de certo elemento

mais do aspecto deportivo que conlevan, son un xeito de achegamento das xentes, a pesares dos intentos de certo elemento reaccionario da U.C.D. local que intentou, ao remate, agriar algo que todo o mundo admirou y alabou. Os seus intentos de confundir e provocar a xente, e de politizar algo tan aséptico como foi este Cross (disto pode dar fe os participantes e público en xeral), non quedaron en nada; só serviron para pór en evidencia, unha vez máis o rechazo das xentes hacia estes elementos caciquiles que aínda seguen tentando de mangonear en todo, incluso nos deportes populares como foi neste Cross.

Unha felicitación a O FOXO enteiro e a xente que traballou neste Cross.

XAN DOCAMPO



LIBRERIA  
DO NENO

Papelería

TLF. 450042

AS PONTES





## ΥΓΙΕΙΑ ΚΑΙ ΠΑΝΑΚΕΙΑ A TESE EPIDEMIOLOXICA

ANXO RODRIGUEZ


### ESTRUTURA E RECURSOS SANITARIOS:

Hai, cando menos, dous grupos de motivos fundamentais para abordar, desde a nosa tese epidemiolóxica, o tema da estrutura e recursos sanitarios da Nación, motivos, de orde estrutural e motivos de orde funcional; ambos poden ser correlacionados e aínda intercambiables cos conceptos de dependencia e insuficiencia. Por outra banda, serían incontábeis os motivos, que, nun contexto xeral, xustifican unha vigorosa impugnación do sistema e aparello sanitario actuais.

Como consecuencia das contradicións e incoerencias sistémicas que supón a existencia de dous modelos operativos de medicina, modelo liberal e modelo "socializado" que coexisten na mesma estrutura sanitaria e en xeral na mesma persoa, que a miúdo funciona como grupo de presión, do que o mesmo poder político non esta illado, téndese de un ou doutro xeito a concebir o coitado médico e mesmo a medicina, como ben de consumo, sometido ás regras da economía do mercado, en oposición o concepto real de que a protección sanitaria, en todos os seus ámbitos, é un ben público colectivo que debe ser contemplado dende a óptica dun servizo a comunidade.

Non se trata neste intre de impugnar unha estrutura sanitaria, e mesmo unha clase médica, en canto tal, senón en canto produto dunha determinada sociedade, que ten que cambiar radicalmente e globalmente para que cambie o sistema sanitario, pois é evidente que a transformación socialista, económica e cultural da sociedade e moito máis importante e aínda fundamental, que a transformación illada da mesma estrutura sanitaria, que é o que de algun xeito pretendeu o estado anterior, co resultado que se veí.

A preponderancia que merece e que no contexto actual se quer dar a medicina preventiva, se se analiza detidamente, non é unha feliz casualidade nen se chega a ela a través dunha conclusión lóxica, segundo os postulados en que nos



Illustrations XULIO MASIDE

movemos. É primeiro lugar hai que pensar que é moi difícil nun país desenvolvido e colonizado manter a viabilidade médica dun sistema capitalista, porque este tende a tecnificación crematística, é dicir a tese marxista que define a técnica como o proceso concreto polo que se desenrolla o intercambio orgánico do home coa natureza e modifica o medio natural fontes novas de riqueza e determinando a calidade e as condicións do traballo xa non se cumpre, hai unha prevalencia do capital financeiro. Está craro que a técnica neste senso e mesmo a ciencia, sofren a colonización do capitalismo. Por outra banda o fallo experimentado por unha medicina tecnolóxica altamente costosa, que ten distorsionado mesmo real de saúde e esquecido e negligenciado os componentes epidemiolóxicos, sociais e psicolóxicos da enfermidade. Velaí a recesión que ten de experimentar a medicina terapéutica prioritaria que referimos no primeiro artigo da nosa serie.

Nembargantes esta concepción tecnolóxica da medicina, transcendeu a todos os niveis e mesmo o público, de maneira que é moi difícil persuadir ás xentes hoxendia, mesmo no noso medio, pra modificar a prioridade dada o "prestixo" dos hospitais e universidades en orde a enfatizar a importancia da medicina preventiva, da educación para a saúde, etc, na que se inserta a demagogia dos políticos que se soportan sobre estas xentes. Hai como unha obsesión pola estrutura, made in USA, constitúe o baseamento ideolóxico típico do neocapitalismo versus sociedade de consumo.

Falar de estrutura sanitaria supón o anilise dos componentes que o integran, neste senso o persoal médico que forma parte fundamental do recurso sanitario, ten de ser analizado non só en canto o seu diverso status senón tamén en relación coa estrutura social, coa administración e co poder político, non en van se dí que os médicos en xeral están integrados na clase dominante.

### da terra asoballada

#### O AXUNTAMENTO DE SARRIA E O DIA DAS LETRAS GALEGAS

O Frente Cultural da AN-PG de Sárria quere espor diante da opinión pública o seguinte:

No Pleno Ordinário do mes de Abril pasado, a Corporación Municipal de Sárria aprobou por unanimidade, a proposta dos Concellais do Bloque, que o Axuntamento conmemoraria o "Día das Letras Galegas" expondo a bandeira galega na Casa Consistorial e organizando un concerto de Música galega, o 17 de Maio, a cargo da Banda de Música de Sárria. Para levar adiante este acordo, quedou emprazada a Comisión de Cultura.

Todo moi bonito e moi "democrático", pero o triste do caso é cando, nen por parte do Sr. Alcalde (UCD), nen por parte da Comisión de Cultura (2 UCD e 1 CD) se fai a máis nínima xestión nen contacto coa Banda de Música e, polo tanto, o Concerto non se celebra.

Este Frente Cultural lamenta profundamente o desprécio que certos membros da Corporación de Sárria sinten pola nosa cultura e polo pobo que os elixiu, como vemos nesta ocasión en que son capaces de pasar por alto os seus propios acordos sen haber causa ningunha que o xustifique.

#### OS VECIÑOS DE DODRO E O CONCELLO

A asociación de veciños Xuntanza da parroquia de Sta. M. de Dodro que facer pública a usa

máis enerxica repulsa pola forma de levar os problemas do municipio polo Concello, sinalando así mesmo a mala fe dos máximos responsábeis do axuntamento en canto a boa solución dos problemas que lles plantexamos demostrando por eles unha falta de interese fora do normal.

Denunciamos tamen unha falta de interese que mostran cara a nosa parroquia e a tardanza en tomar medidas que solucionarían os máis dos nosos e que lles foron denunciados:

— Con data 12 de Xaneiro do presente ano a nosa Asociación presentou no Axuntamento un escrito rexistrado co número 11, no que se pedía arreglo dos camiños e pistas dos lugares da nosa parroquia.

Lamentamos dicir que aínda non tivemos resposta.

— Na mesma data e rexistrado co número 12 presentamos outro escrito no que denunciabamos a falta de servizo de teléfono público que padece a parroquia. Facendo fincapé en que cando os chegaran a por, teriamos que colocar en cabinas cerradas en prazas públicas, e non como se rumorea que a intención e colocalos en locais públicos.

Lamentamos outra vez o non ter tido contestación.

— Con data 25 de Xaneiro e rexistrado co número 34 mandámoslles outro escrito no que expresabamos a nosa máis enerxica

protesta porque a Corporación non aceptou as poucas ventaxas que nos ofrecía o menguado Decreto de Bilingüismo, esixíndolles ao mesmo tempo que recapacitaran na decisión tomada.

Denunciamoslles así mesmo a ilegal ocupación de terreos veciñais, e aínda non tomaron medidas.

A intercaptación de camiños tanto en Lestrove como en Revixos habendo neste último caso unha senténcia fallada en favor dos veciños desde fai moitos anos. A falta de alcantillado en Revixos que esta acabando cas poucas condicións sanitarias e hixiénicas do lugar.

A construción de edificios sen licencia, non tendo en conta as máis elementais leis de urbanismo, edificios nos que se abren ventanas para o lado que máis convén, etc.

Negáronnos as escolas para as xuntanzas da Comisión de Montes, e aos poucos días préstamos para reunións de fútbol e charlas de partidos políticos. A nos dixonos que a comisión estaba formada por partidos políticos que non representaban a ningures e que o gobernador tiña prohibido deixalas, ¿e certo Sr. gobernador?

A todas estas protestas nosas contestáronnos que as Asociacións de Veciños para eles só eran O INCORDIO DOS AXUNTAMENTOS. Pois señores concellais desde aquí queremos comunicar que como a nosa conciencia esta tranquila seguimos INCORDIANDO sempre e cando o consideremos necesario.

Para rematar queremos brindarlle o noso apoio moral e físico a nova Directiva do Clud Deportivo Lestrove e darlle moitos ánimos.

LUIS AREUE

#### AS COUSAS DO PARAMO

Querida directora de A NOSA TERRA, como outras tantas veces recorro ao teu periódico, o meu, ¿non? Si que é o meu periódico, xa que a pesares dos poucos cartos que teño estou suscrito a el.

Mira, eu pásche o tempo moi aburrido; ¿quen non o pasa aquí?, no meio de señores de C.D. (Caciques Disfrazados) e U.C.D. (Unión de Caciques Disfrazados), cando un é tan nacionalista coma min?

Por se fora pouco, non sei por qué os sers. da C. D. lles puxeron aos seus compinches da U.C.D. "os homes do Bloque", mira, eu chego a pensar que esto é un insulto dirixido a min (non che sei).

O caso eche que a U.C.D. goberna o Páramo deixándolle unha pouca corda (De C. D. é a maioría no axuntamento, pero a Cámara Agraria é da U.C.D., e case toda a rede caciquil).

Ben é que sigan co de U.C.D. Bloque, Pero non U.C.D.: BN-PG, pois como militante desta coalición poido picarme.

Tamén me gustaría dicir que hai uns meses que medimos a estrada Paradela-Páramo. Saiu á subasta o catro de Nadal do setenta e nove e aínda nada se sabe.

A Cámara Agraria non lles dá aos labregos máis ca patacas, prometidas a trescentos pesos e os portes, pero os portes foron de carallo, que as patacas saíron máis caras que no almacén. Deron tamén o cupo dos tratores, pero era xa unha obriga.

Mira, por aquí andiveron uns señores (eu non os vin); parece ser que non se identificaban, pero ser eran da FENOSA, empresa que quer subir o embalse Belesar dez metros, mira ti; segundo teño entendido, a Galicia sóbralle oito partes de dez de electricidade, e noustante FENOSA fai Nucleares e aumenta embalses; esto eche cousa do Estado Español.

Pero tamén parece que o millor da electricidade non che é para nós. Aquí falta a luz a miúdo (ao millor eche que non nos portamos moi ben coa condosa; hoxendia haiche moitos

puños erguidos e pechados!) Mira, os paus están podres, algúns cambéanos, pero outros quedan aí. ¡Viva Galicia Ceibe! ¡Fora caciques!

XESUS LOPEZ GAIOSO  
FRIOLE - O PARAMO

#### PRESTAMISMO NA ALUMINA

Traballadores da empresa de mantemento eléctrico para Alumina-Aluminio veñen de denunciar diante da opinión pública o despedimento do traballador Ignacio Hernando Nuevo, afiliado á ING, por non selle "persoana grata" á devandita empresa. Por outro lado dan a coñecer a súa situación laboral nestes termos: non se lles respecta o dereito da libre sindicación; a discriminación salarial é do orde de 18.000 pesetas respecto doutras empresas da mesma actividade do Complexo; sometimento a contratos eventuais dunha duración de 3, 4 a 6 meses a maioría dos traballadores; a excepción dalgun "traballadores" aos que se lles fai a distinción de contratos por fin de obra, así como o feito de non ter ningún tipo de representación obreira na empresa. Denuncian mesmo que a empresa, ao amparo da absoluta eventualidade, de imposición de contratos e falla de traballo, pretenden facer soportar aos traballadores este réxime de abusos e ilegalidade, así como, na súa función de prestamismo disfrazada, non ten máis responsabilidade que a de controlar aos seus traballadores, cobrando do orde de 3 ou 4 veces o salario actual polas prestacións destes.



## da arte e dos xeitos

Por FELIPE SILENEN

### O PAZO DE XELMIREZ

Na Praza do Obradoiro está un descoñecido edificio Románico, descoñecido quizais porque os camiños e as estrelas levan cara ao Pórtico da Gloria, esquecendo esta mansión que noutro tempo foi pazo do arcebispo Diego de Xelmirez, xoia do Románico universal.

Pois isto, Xelmirez ao ser nomeado para a sé episcopal compostelá atopouse coas obras da catedral paradas e sen un pazo digno. Tomou presa en ordear a continuidade das mesmas e do que sería a súa morada. Pero xa a obra desde os seus comezos recibiu destrucións e cambios, poida

que o máis importante no 1117, cando as revoltas cidadáns, e logo polos cambios que se fixeron na Catedral. Xa nos séculos XVI como XVIII sacáronlle importancia a tal construción medieval galega, quedando acochada a unha banda da catedral.

A entrada esta á esquerda da mesma fachada do Obradoiro, aínda hai máis pasadizos levan a catedral e a outros puntos da grande praza. Ten o seu salón de Armas, con isa luz húmeda que chega polas troneiras e que ilumina as arcas e os capiteis co tema do follaxe. Outra porta leva ao Arco do Pazo, paso que comunica a praza do Obradoiro ca da Imaculada ou da Azibecheria.

Un patio interior relaciona os pisos e as dependencias do Pazo románico. A coziña coa súa grande lareira con dúas columnas de capiteis rebiricados semellando o acanto. Baixo un arco está o fregadeiro e tamén as alacenas que noutro tempo saberían de boas lebres e de fresco peixe. Pero para cavilar no ambiente medieval temos que achegarnos cara

ao grande Salón de festas lugar que soubo de bodas e festas, de xogares e troveiros, de muriteiros e bufóns, de segredos que a historia non chegou a coñecer. Ali esta a pedra muda e soa. Espacio que chegou a ser, nos seus orixes, meirande e que foi dividido polo paso que hoxe abre o Ar-

co do Pazo. Pouco se sabe deste salón, hai referencias de que a súa boveda rematouse nos tempos de don Xoan Arias, alá polo 1250 e xa pouco mais.

Grandes mensulas acollen os arcos e os nervos de crucería que can como guirnaldas de froles pétreas ou xa facendo arquiños cegos. Nestas mensulas represéntanse esculpidas escenas caseiras daquel entón: Unha familia cos pais, os dous nenos, os servidores co xantar, músicos cos seus instrumentos e anxos cas suas cartelas.

Unha columna central recolle as arcas cheas de floróns repartidos con bon ritmo e que nos fai lembrar na escola e no estilo de Mateo, xa coñecido na cripta

da catedral e no claustro de Santa María a do Sar e que novamente nos volta a falar dun estilo e dunha personalidade fondamente compostelá. Esa sensibilidade espallouse por moitos mosteiros e ermidas de Galicia, alá nun tempo no que as ordes relixiosas inzaban a nosa xeografía.

Pero hai outro aspecto descoñecido no Pazo de Xelmirez e do que fala a "Compostelana" é dun gran pozo que Xelmirez mandou facer con un curioso e descoñecido trebello... mais a historia fixo esquecer o lugar de tal puzo, o mesmo que outras cousas que aínda quedan por descubrir e admirar nisa nosa Compostela de sempre. Malia que as pedras non falen.

## andando a terra

Por M. HORTAS VILANOVA

### O TROVEIRO DE SAN MIGUEL DO MONTE

O pé da Serra do Faro, despois de pasado Argozón, cara a Terra de Camba e antes de chegar a Trasulfe, está San Miguel do Monte. Unha aldea pequena, que semella engruñada nas abas da serra. A lenda dice que por estas terras andaba o famoso guerrilleiro "O Piloto", dende o 1936 deica o 1965 que remataron con él. O lugar é alto e frío. Dende él ábrese un panorama vasto e dilatado, dende o que se pode contemplar medio mundo.

Este servidor algo lera ou escoitara da eirexa de San Miguel do Monte, que é pequeniña e semella unha ermida. Nesta primavera tivo que ir a Compostela e levouno un amigo e compañeiro no seu auto particular. O chegar a parroquia de San Miguel do Monte, rogoulle que parara pra ir ver a eirexa, que está a poucos metros da estrada. O amigo consetiu moi gustoso. O chegar a eirexa, na parte dereita, atopámonos coa sorpresa de poder contemplar unha porta románica, realmente fermosísima, pese a súa simplicidade. E no dintel da porta os nosos ollos asombrados viron unha escea de xografía, pra nós insólita. No que sei e entendo trátase dunha obra prima do noso arte anónimo e

popular. O grupo escultórico é unha verdadeira xoia, tanto pola súa expresividade como polo seu significado. Entendemos que non hai nada mellor pra ilustrar a nosa poesía medioeval.

O dintel é unha medid circunferencia. Na parte de enriba represéntase unha figura tocando un pandeiro cuadrado. Na parte central un troveiro, segrel ou xograr tocando o que me semella unha viola de arco. Frente a él, unha bailarina ou xograresa nunha posición increíblemente armónica executando unha danza. E detrás do segrel, un cantamén bailando. ¿Qué cancións cantarían e que música executaría ese troveiro ou o que sexa hastra fai bailar ós animais? Eso é o que realmente me gustaría saber. E aínda daría algo por averigualo. Pra min, sin dúbida de ningunha clase, está interpretando as cancións de Xohán de Requeixo. O máis seguro é que se trate dun retrato, do auténtico retrato de Xohán de Requeixo. Por eso lle pediría o axuntamento de Chantada patrocine unha edición crítica das cinco cantigas do vello troveiro medioeval, emeradamente cuidada, nas que debe figurar este retrato do poeta que quedou labrado en cantería na eirexa de San Miguel do Monte. Polo



menos o noso concellal en Chantada ten que lle facer esa petición ó axuntamento.

A Serra do Faro seguramente que foi, denantes da romanización, nas épocas da cultura castrexa e aínda antes, dado a súa situación xeográfica, un monte sagro. Dendes do cumo do Faro óllase medio Galicia. O cumo deste monte cristianizouse. Alí está a ermida de Nosa Señora do Faro, a cuia festividade, no mes de setembro, acuden milleiros de romeiros e devotos. A ermida é románica. A devoción a Virxe

do Faro ten unha longa tradición poética que vai dende as cantigas medioevais de Xohán de Requeixo, no século XII deica ó Cancioeiro do Faro, de Avelino Gómez Ledo, no século presente. Teño entendido que a ermida de Nosa Señora do Faro se ergue en terreiro da parroquia de Requeixo.

De Requeixo tiña que ser o troveiro Xohán de Requeixo, autor de cinco cantigas de romería. Nas cinco fala da romaxe do Faro. Destes poemas é verdadeiramente fermoso o que comenza:

A Faro un día irei...  
que leva o número 895 do Cancioeiro da Vaticana e o 1290 da Biblioteca Nacional de Lisboa, e remata con esta estrofa:  
Se se él nembrar quiser  
como fiqui enamorado  
se cedo veer  
e o vir eu, ben tallada,  
e direille entón  
a coita do meu corazón.

As cantigas de Xohán de Requeixo e a escultura que contemplamos en San Miguel do Monte, as dúas parroquias nas abas da Serra do Faro e moi próximas, fannos cavilar no santuario de Nosa Señora do Faro e na súa romaxe. E lévannos a supoñer que tivo que ser un centro moi importante de peregrinación. E aínda máis: que nes-

tas terras, ó mellor como influencia do santuario, poido existir unha especie de escola poética. A proba está nos poemas de Xohán de Requeixo e na escultura de San Miguel do Monte.

O tema queda suxerido. Un entendido nestas materias coído que o debe estudar.

Nós non nos cansamos de ollar fotografías que nos mandou o noso amigo Puchero. Pra nós o troveiro de San Miguel do Monte é Xohán de Requeixo. Desto non temos a menor dúbida. Estas sospeitas rematan sempre sendo evidencias. Porque os grandes ollos que ten o troveiro da escultura son as festas cumpridas que tiña no seu rostro Xohán de Requeixo pra ollar a vida. E a grande boca, a porta aberta pra que entrase no seu espírito sedento e no seu corazón dolorido o viño de San Fiz. E o gran nariz derramado xa, os regos por onde a súa sensibilidade se recreaba co recendo dos piornos, das uces, das carqueixas e dos toxos en froil. E a xentil bailarina o xograresa, que tan ben e fermosamente se cimbreaba, é aquela dona que estaba desexando decirlle, perto da ermida; na soedade do monte "a coita do seu corazón". Unha coita tan fonda que aínda nos conmove a sete séculos de distancia.

## arredor de nós

CHAIRA

### O CHAN E A SUA FORMACION

As veces dáse unha confusión entre o que é o chan e mesmo a súa formación, e realmente a xénese do mesmo baséase na actuación dunha serie de factores sobre as rochas, mediante un lento e complexo proceso, polo que, o solo parte dunha alteración das rochas.

Xeolóxicamente falando, Galicia é complicada, pois presentanse rochas de moi diversas características segundo as zonas do país.

Ao actuar o clima sobre estas, o tempo, a topografía do terreno, e os organismos vivos ao seren transformados, dáse lugar aos diversos chans, se afondamos un pouco en cada un destes fac-

tores, poderemos ver a súa actuación.

Así, o clima, entendendo por tal as precipitacións ou cantidade de choiva e a temperatura, basicamente, actúa de moi diversos xeitos. A interrelación destes dous factores, en base por un lado as precipitacións e mais evapotranspiración (a água que se evapora no chan mais a de transpiración das plantas), da lugar a un aspecto de importancia. O feito de que as choivas se produzan con certa regularidade durante o ano, ou cunha estacionalidade marcada, da lugar a que a desecación sexa menos ou mais intensa; así pódense dar carencias de água nalgunhas épocas ao darse un medre nas temperaturas en relación coas precipitacións, afectando

grandemente aos cultivos. Outro aspecto é a actuación coas precipitacións, afectando grandemente aos cultivos. Outro aspecto é a actuación das baixas temperaturas, pois a água que está nas primeiras capas, ao formarse o xelo, dá lugar a un medre no volume que ocupa, axudando á alteración e rotura das rochas, o mesmo que pasa ao interaccionarene distintos compostos da rocha coa água.

Ao falarmos do tempo, referímonos á lentitude que precisa o chan para a súa formación, pois a actuación conxunta dos diversos factores é unha cousa lenta, polo que a gravidade que supón a desaparición dos chans, por exemplo polo efecto da choiva despois dos incendios, e conside-

rábel, polo que supón a súa rexeneración.

Por un lado, a formación de microclimas no contexto xeral climático de Galicia é manifesto, en íntima relación coa topografía do terreno; a orientación das ladeiras son puntos a considerar. O feito de que a cara dos montes que dá ao sul estea máis soleada que a norte, ou máis ou menos expostas aos ventos, fai que as condicións nunhas e noutras sexan distintas.

Está craro que o chan nas pendentes é máis seco que nos vales, polo que supón unha maior escorrentía e máis unha maior exposición a erosión pola acción da auga manifestase máis nas pendentes, conseguíndo arrastre de materiais cara aos vales.

A actuación dos animais, plantas e o home é moi importante a acción das plantas ao afondaren unhas veces no chan, por entre da rocha, ou ao captaren compostos que están na atmosfera, ou mesmo a adición de novos materiais, supón tamén unha incidencia considerábel.

Xa para rematar, poderíase falar da actuación do home, do que habería moito que decir. A modo de resumo, baste falar da incidencia dos cultivos, talas, queimas, etc., nel. A repercusión de certas especies ao seren introducidas, ao tempo que pode ser positivo nalguns casos, noutros, a falla duns estudos previos, van a consecución de estragos. Unha pode ser o repoboamento coa eucalipto indisciplinadamente.



## MUSICA

### PRESENTACION DO CATALOGO CLASICO DE RUADA: "GALECIA"

O pianismo galego tivo a súa primeira agora minguada repercusión discográfica. No 1974 publicouse polo "Centro Gallego" de Buenos Aires unha grabación contendo "Aires Gallegos", "Nuevos Aires Gallegos" e a muiñeira da "Suite Hispánica" — a súa millor obra pianística —, sendo o intérprete o fillo o compositor. O disco foi editado no 1976 por RCA española (SCL 1-7107) nun selo marxinal e pasou desgraciadamente desapercibido. No mesmo ano de 1976 publica Emi (J 063-21192) o disco "Los románticos españoles" na serie B do que o pianista granadino, e un dos máis vellos "fans" de Adalid, Antonio Ruiz-Pipó, graba "La noche", "Gratitudo", "Dos romanzas sin palabras" e "Variaciones a la antigua usanza" partindo das edicións parisinas de Adalid. Este disco tivo un grande eco en Iberoamérica e ningún no noso País, supoño que por seguir a desgraciada tradición de esquecemento, cando non desprecio e ignorancia sobre a figura de Adalid que leva a que o noso compositor estea nos programas de concerto de Ruiz-Pipó en Europa, América e Xapón, pero que cando o interpretou en Santiago para inadvertido, ou que as publicacións de Margarita Soto sobre Adalid, — en galego ou en castelán — tiveran maior eco pola banda de especialistas europeos que nos medios que presuntamente devengan a defensa da cultura galega.

"Ruada" inaugura o seu catálogo de música galega cunha obra de Andrés Gaos e Roxelio Groba. A intérprete é a ferrolá Natalia Lamas, profesora do Conservatorio da Coruña. O disco (R 105 D) engade "Nuevos Aires Gallegos" e "Rosa de Abril" dunha banda e "Soatía", "Pandeirada" e "Galecia" pola outra.

Os "Nuevos Aires Gallegos" de Gaos pertencen a súa época media — que coido millor — e é unha das escasas obras nacionalistas deste autor. A suite, en cinco números, correspóndese coa mentalidade dos nacionalistas románticos nórdicos, incluso na utilización do folclore como simple desculpa ao servizo dun sistema musical alleo á música popular. O tratamento do instrumento é totalmente tradicional con utilización — típica en Gaos — de acordes amplos que esixen unha man moi aberta no pianista. O ciclo é moi superior ao dos "Aires Gallegos" e amosa xa a madurez que florescerá nas súas magníficas Sonata Op. 37 e en "Impresiones nocturnas".

"Rosa de Abril" é unha peza para piano so, como coido ter amosado repetidamente, e non pode ser cantada, polo texto homónimo de Rosalía xa que non coinciden os acentos poéticos cos musicais, se ben admite unha interpretación de recitado con piano acompañante como a prantexada por Esperanza Abad. A fermosa partitura, plenamente romántica, foi publicada en versión que coido definitiva en Bonaival.

"Soatía" e "Pandeirada" son dúas obras nacionalistas maxinadas cunha función pedagóxica, é decir, para que os estudantes de piano galegos poidan prepararse tocando a súa música e non músicas alleas a súa cultura. Iso non implica que non sexan unhas importantes obras de concertos que Groba prantexa, o mesmo que o fixera Bartok en Hungría, unha utilización do folclore partindo do mesmo cara á creación dunha estética de rango universal. "Pandeirada" é



Natalia Lamas  
PIANO CLASICO GALEGO

para que os estudantes de piano galegos poidan prepararse tocando a súa música e non músicas alleas a súa cultura. Iso non implica que non sexan unhas importantes obras de concertos que Groba prantexa, o mesmo que o fixera Bartok en Hungría, unha utilización do folclore partindo do mesmo cara á creación dunha estética de rango universal. "Pandeirada" é

para que os estudantes de piano galegos poidan prepararse tocando a súa música e non músicas alleas a súa cultura. Iso non implica que non sexan unhas importantes obras de concertos que Groba prantexa, o mesmo que o fixera Bartok en Hungría, unha utilización do folclore partindo do mesmo cara á creación dunha estética de rango universal. "Pandeirada" é

para que os estudantes de piano galegos poidan prepararse tocando a súa música e non músicas alleas a súa cultura. Iso non implica que non sexan unhas importantes obras de concertos que Groba prantexa, o mesmo que o fixera Bartok en Hungría, unha utilización do folclore partindo do mesmo cara á creación dunha estética de rango universal. "Pandeirada" é

mesmo da cultura musical galega. Certo que na obra o máis interesante é a utilización instrumental, mais que o desenrolo que non prantexa aspectos que destacar. Aínda que fermosa e de estudo necesario para entender a evolución de Groba — quen se atopa nun momento crítico da súa carreira e de cuxo "Concerto de Piano" moitos esperamos absolutamente todo — coido que é unha menor dentro da produción do autor polo que seguimos a esperar a súa obra pianística "grande" que pór xunto ao Cuarteto n. 2, "Ignis coronat opus" ou "In Memoriam Manuel de Falla".

As notas de carpeta, de Ramiro Cartelle, son de tediosa lectura e de moi limitado interese. O autor non llo que se publica sobre a nosa historia musical — e en galego — xa que se que afirmar que Gaos foi o primeiro en levar a temática galega á orquesta — non deberon existir nin Melchor

López nin Adalid — e considera como "grandes" do piano galego ao compositor burgalés Antonio José — pola súa ocasional "Sonata Gallega" — e ao mediocre compositor basco Rodolfo de Santiago — polas sopriferias "Rincones Coruñeses" — esquecendo a existencia do pianismo de Adalid — o máis importante, sen discusión aparente, do dazanove século, e isto é grave no autor que fixo a voz de "Adalid" para a Gran Enciclopedia Gallega e ten publicado en Ritmo un estudo sobre o piano de Adalid.


A grabación é excelente, recordando meticulosamente todas e cada unha das características pianísticas de Natalia Lamas.

XOAN M. CARREIRA

## AXENDA

### MOSTRAS

**Moldes.** Oleos e dibuxos, Astra o 14 de xuño. O Paradiso Perdido. **Santiago.**  
**Moldes.** Pinturas, Astra o 30 de maio. Modus Vivendi. **Santiago.**  
**Acisclo.** Escultura, Astra o 4. Galería Sargadelos. **Santiago.**



María Antonia Salvador. Pinturas, Astra o 4 de xuño. Galería Citania, Santiago.



**Xoxardo.** Astra o 27 de maio. Caixa de Aforsos Provincial. **Pontevedra.**

**China Casares e Rafael Romero.** Pinturas, Astra o 27 de maio. Casino Ferrolano. **O Ferrol.**

### ACTOS

**A Eirexa e o idioma galego.** Conferencia por Xaquín Campo o 23 de maio, organizada polo Frente Cultural da AN-PG. Instituto Femenino. **O Ferrol.**  
**A muller e a verba antre o mito e a soerlade.** O día 23, Concha Alós. No Ateneo. **A Coruña.**  
**No centenario de Camoëns.** Conferencia de Ricardo Carballo Calero, dentro do ciclo "Area literaria galego-luso-brasileira", da AS-PG. Día 24, ás 11,30 da mañá. Escola de Maxisterio. **Santiago.**  
**O Día das Letras Galegas e a normalización da lingua.** Conferencia de Xosé María Dobarro. Sábado 24, ás 7,30 do serán, no local da AN-PG. S-moleres 10 pral. Metro Jaime I. **Barcelona.**

**Entrega do Peirón de Ouro** a Alvaro Cunqueiro, e do **Pergameo de Honra e Louhanza** ao Prof. Dr. Abel Boalibar. Día 25. **Partrón.**

**Clausura do Curso de Lingua e Literatura**, da A.C. "Lumieira", a cargo de M. Pilar García Negro. Martes, 27, no Salón Parroquial. **Carballo.**  
**Representación de "Semente de cramon sobre os medios de comunicación"**, de Manuel María, polo grupo de teatro da Asociación, e conferencia sobre **Os medios de comunicación**, por Margarita Ledo Andión. Organiza a A.C. "Lumieira", o 29 ás 8,30 no Salón Parroquial. **Carballo.**

### PUBLICACIONES

**Penedo do Galo.** Núm. 1 do Boletín de Información Municipal do BN-PG en Viveiro.

### CINE

**XORNADAS DO CINE GALEGO-VIGO**

### DIA 23

As 8 do serán  
Presentación das Xornadas  
Proxectión das películas:  
- Aos meus queridos pais que me están escoitando  
- Autopista do Atlántico  
- Os Oleiros III  
Ao remate haberá forum

### DIA 24

As 8 do serán  
Falará Luis Alvarez Pousa: "O cine galego que non existe"  
Proxectión das películas:  
- O pai de migueleño  
- O herdeiro  
- O fendestras  
- O cadaleito  
Ao remate haberá forum

### DIA 25

As 12 da mañá  
Mesa redonda sobre o futuro do cine galego. Coa intervención de Luis A. Pousa, José María Folgar e Carlos Piñeiro  
Hora: 8 do serán  
Estreino da película Malapata, primeira película en galego. Será presentada polo seu director Carlos Piñeiro.  
Ao remate haberá forum.

**ORGANIZA: CINECLUB ABERTAL Wagonmaster**, de John Ford (USA). Día 23, ás 10,30 da noite, na Casa da Cultura. Cine-Club "Padre Feixido". **Ourense.**

**Así é a vida**, de C. Junghan. Día 27, ás 8 do serán. Cine-club "Padre Feixido". **Ourense.**  
**"Les visiteurs du soir"**, de M. Carné. Día 28. Id. **Ourense.**

### LIBROS

**Os escuros soños de Clío**, de Carlos Casares. Edicións Cerne/Minor. **Santiago.**

### DISCOS

Bloque **EL HIJO DEL ALBA**. Chapa-Discos HS:35032

O terceiro disco dun dos grupos de máis éxito do chamado "Sonido Chapa". Xa saben, "Topo", "Asfalto", "Nu", "Tarántula", etc., e similares. Galicia foi terreo abonado para as xiras destes grupos e os seus variopintos roqueiros e pasotas son aditos a estas cousas o que non esta mal de todo diante da ameaza da "new-wave"

John Renbourn.  
**THE ENCHANTED GARDEN**. CFE-Guimbarda GS-1107

Mister Renbourn é un mestre nas realizacións de música tradicional anglosaxona e do renacemento barroco. E o foi sen petulancias e sen modas. Recomendación total e especial a "recuperadores", "restauradores" e demais herbas do campo.

**Antoloxía da poesía galega. Do postmodernismo aos novos**, por Francisco Fernández del Riego. Editorial Galaxia. **Vigo.**

**Ilustrísima**, de Carlos Casares. Galaxia. **Vigo.**

**Pro e contra da litúrxia en galego**, por Caamaño Suárez e Rodríguez Pampín. Editorial Sept. **Pontevedra.**

**O Novo Testamento**. Editorial Sept. **Pontevedra.**

**Cantigas de Santa María**, de Alfonso X. Escolma realizada por Alvaro Cunqueiro. Editorial Galaxia. **Vigo.**

**Nova Xeografía de Galicia prás escolas**, de Luis Barreiro Paradelo. Edición facsimil. Sálvora. **Santiago.**

**A meiga dona Paz**, de Claudio González Pérez. Edicións Do Castro. **Sada.**

**Documentos personaes**, de Manuel María. Terceira edición. Edicións Celta. **Lugo.**

**Os picaros escritores**. Varios. Celta. **Lugo.**

**Resumes de amor sen morte**, de Claudio Rodríguez Fer. Antonio Ubago Editor. **Granada.**

**Flores de Galicia**. Facsimil. Ed. "La Voz de Galicia". **A Coruña.**

Frederic Chopin.—1 CONCERTO PARA PIANO

Emil Gilels  
Eugene Ormandy (director)  
Orquesta de Filadelfia  
CBS S-61931

Edición en serie económica dunha partitura moi coñecida nunha versión de gran dignidade. Pode ser unha interesante opción.

Charlie Haden.—MAGICO Ediga-ECM 1151

Interesantísima grabación do contrabaixista Charlie Haden acompañado polo saxo Jan Garbarer e o pianista-guitarrista Egberto Gismonti. Produto un tanto "frio" en comparación co jazz negro, é dunha musicalidade merecente de atención e disfruite.

**V CERTAME LITERARIO DE BERGANTIÑOS.** Tres modalidades: Poesía, tres poemas de metro e extensión libres, sobre algun motivo relacionado con Bergantiños. Triplicado, lema e plica con dados personais. En galego, astra o 10 de San Xoan, 25.000 pesetas de premio. Periodismo, artigo ou fato de artigos publicados entre o 1 de xullo e o 10 de San Xoan deste ano. Tema sobre Bergantiños. Triplicado, identificación e dados personais. En galego ou español, prazo astra o 10 de San Xoan, 25.000 pesetas de premio.

Conto.  
O Xurado poder dar accésits, sen dotación económica. Os autores premiados comprométese a estaren presentes no acto literario do día 20 dos meses de San Xoan, no que deberán ler os traballos premiados. Enderezo: Comisión Organizadora do V Certame Literario de Bergantiños. Centro Cultural "Fogar da Xuventude", Carballo. Os traballos premiados quedarán de propiedade da Comisión, que os publicara na revista "Mensaxe de Bergantiños".

**IV CERTAME DE FOTOGRAFIA DE BERGANTIÑOS.** De participación e tema libres, obras de 30 por 40 ou equivalente, podendo variar e centímetros por lado, en branco e negro e un máximo de cinco cada autor. Presentado cun soporte traseiro de cartón do mesmo tamaño, con lema e pecho, cos dados no interior. O premio será de 25.000 pesetas. O prazo de entrega será astra o 10 de San Xoan, fallándose o 22. Mandar os traballos a IV Certame Fotográfico de Bergantiños. Centro Cultural "Fogar da Xuventude". Carballo.

**PREMIO LITERARIO "CELSO EMILIO FERREIRO"**. Convocado por "Irmandade Galega" de Madrid, ao adicarlle o 18 de maio o "Día da Nosa Fala". Dotado con 20.000 pesetas. Traballo narrativo en prosa, cun mínimo de 30 follas e máximo de 50 a dobre espazo. Mandarase con lema, e en sobre aparte, o lema na plica e dentro o nome e dados do autor. Mandar a "Irmandade Galega de Madrid". Calle Montera, 10-12, segundo-quinto. Madrid-14, astra o 30 de abril.

A obra premiada quedará en propiedade de "Irmandade Galega". E o fallo farase público o 18 de maio. "Día da Nosa Fala".



# curso de lingua

## RESPOSTA A XAVIER FORNOS MARQUEZ

No núm. 105 de A NOSA TERRA, Xavier Fornos Márquez, manifesta en carta a súa extrañeza polo feito de os "lingüistas" do periódico aínda non teren manifestado a súa opinión sobre as "Normas" da Xunta de Galicia. Por se se refire a nós, encargados do Curso de Lingua do periódico, queremos puntualizar o seguinte:

1. Nós non somos en absoluto os "lingüistas de A NOSA TERRA" (nen vemos por negurens a necesidade de A NOSA TERRA ter "lingüistas", sendo un periódico de información xeral), senón dous profesores encargados dunha sección, o Curso de Lingua, os obxectivos do cal quedaron claramente definidos na lección Cero do mesmo.

2. A súa carta, señor Fornos Márquez, está feita con excesivo veneno para que non se note baixo ese tono de aparente inocencia e asépsia que lle quixo dar. Aclárenos, se fai o favor, que é ou onde queda ese "aquí" de que fala ("Hai quen di por aquí...?")? "Aquí" son os seus amigos, é algunha entidade particular, é a súa organización, se pertence a algunha...? Que é isto do "misterioso silencio" que, ao querer gardarnos? Cando o Curso de Lingua foi unha recensión das diferentes normas lingüísticas existentes no noso idioma? Limitámonos a recordar e recordar algunha vez, para non esquecer, os nosos **Orientamentos para a escrita do noso idioma**, da Asociación Socio-pedagóxica Galega, e iso fíxemos.

3. Sobre ese intento burdo de difamación que fai, pretendendo sentar unha inibición nosa por mor dunha relación co "Presidente da Comisión xuniteira", o único que temos que dicir é que a nosa práctica af está, quer dicir, aí está o Curso de Lingua, que é o que ha de ser xuzgado en definitiva. Tanto neste como noutras colaboracións para este periódico, crámos que ficou sempre claro cal é a alternativa que defendemos para o noso idioma, cal é a práctica que propugnamos e que é a que **combatemos explicitamente**. Se isto é calar ou inibirse, que o demostren.

nos leve... E, se aínda así, ten dúbidas do que opinamos ou de cales son as nosas posicións, o problema é seu, non noso.

4. E xa, finalmente, pobre xustificación nos parece rematar cun "...e se digo isto non é porque sexa castelanista". Nestes momentos, na nosa nación, declararse castelanista ou anticastelanista parécenos estar en camiseta ideolóxica e política, quer dicir, con nula claridade sobre o que se pode ser, politicamente, hoxe en Galicia: ou se fai nacionalismo ou se fai españolismo, máis ou menos disfrazado de galeguismo formal. E ponto. O que nós facemos ou tentamos facer, coídamos que está claro.

Ah! e se nunha próxima ocasión se quer dirixir a nós, fágao citándonos directamente, e non con eufemismos que, por riba, non se corresponden á realidade.

## vintevinco

XOSE M. DOBARRO PAZ  
M. PILAR GARCÍA NEGRO

CARBALLO CALERO:  
A INVESTIGACIÓN  
NACIONAL NO CAMPO DA  
LINGUA E DA LITERATURA

Concibo nista obra a historia da literatura galega como a exposición das realizacións e do desenvolvemento da fala galega no orde literario. Iste é o senso máis doado e natural que cabe atribuír a expresión "historia da literatura galega". Técnica, é o idioma empregado o que caracteriza as distintas literaturas. Cando falamos da literatura alemá, non coídamos nos poemas que escribiron en francés Goethe ou Rilke. As novelas de Pierre Loti pertencen á literatura francesa, inda que se desenrole a súa acción en países exóticos. Nen a nacemento do autor nen os ambientes descritos son criterios axeitados pra determinar a in-

crusión das obras dentro dos marcos dunha ou outra literatura. Os Seis poemas galegos, de Federico García Lorca, son literatura galega. La Colmena, de Camilo José Cela, é literatura castelá, malia o novelista ter nacido en Padrón. Por moi galego que poda ser o mundo de Los pazos de Ulloa, tampouco compre crasificar esta obra dentro da literatura galega. Entendo por literatura galega a literatura en galego. E certo que durante os séculos XIX e XX o espírito galego tense espresado non só en galego, senón tamen en castelán, temos escritas niste derradeiro idioma algunhas obras nas que se espellan certos aspectos da vida galega con nidez e fondura innegables. Isto só significa que a literatura castelá posee libros de tema galego, e que moitos galegos teñen ilustrado as letras castelás. Hai unha ricaz produción en castelán, como en latín, de escritores da nacemento galega. Mais isa produción corresponde á literatura latina ou á castelá en cada caso.

Ren hai que opor ao feito de que un autor estude a obra literaria dos galegos en todos os idiomas que teñan cultivado. Se quer tidoar ise estudo "historia da literatura galega", fágao, emporá. As verbas teñen decotío un valor convencional. Mais niste libro é o idioma o que nos serve pra escolmar o material do noso estudo. Seguiremos un criterio, pois, filolóxico, que nos parez o máis científico, xa que o idioma é o estormento da literatura.

En leccións anteriores vimos como a partir das "Irmandades da Fala" e, sobre todo, da "Xeneración Nós", que van incorporar o noso idioma a todo tipo de actividades, ficou superada a diglosia cultural na nosa nación. Foi na postguerra cando o galego se converteu na

lingua habitual dos ensaios que sobre todas as ciencias se referen ao país. Hoxe seleccionamos un texto pertencente á **Historia da literatura galega contemporánea** de Carballo Calero (1910) por estar máis de acordo co contido do curso.

O profesor Carballo Calero, como escritor de creación, é autor dun bon número de obras no noso idioma: 5 libros de poesía (**Vieiros** (1931), **O silencio axionllado** (1934), **Anxo da terra** (1950), **Poemas pendurados dun cabelo** (1952) e **Salterio de Fingoy** (1961)), unha novela, a primeira da postguerra (**A xente de Barreira** (1950)) e 4 obras de teatro (**Farsa das zocas**, **A sombra de Orfeo**, **A arbre e o Auto do prisioneiro**), reunidas no volume **Catro Pezas** (1971) alén doutras composicións soltas

publicadas en revistas. Mais, en boa medida, renunciou a está labor de creador para dedicar a súa preferente atención ao estudo da nosa lingua e da nosa literatura, converténdose na figura de maior relevo en ambos os dous campos. Este labor iniciouno na páxinas da revista **Nós**, con meia dúcia de ensaios literarios publicados a partir de 1931, e vai continuar até os nosos días traducíndose en centos de artigos que virón a luz en periódicos e revistas, especializadas ou de información xeral, galegas ou estranxeiras, e varios libros, todo realizado coa seriedade e o rigor que caracterizou o seu traballo. Obras como **Sete poetas galegos** (1955), **Historia da literatura galega contemporánea** (1955 e 1975) e **Gramática elemental del gallego común** (1966) son imprescindibles para todo estudioso da nosa lingua e da nosa literatura e calquera delas capaz por si spa de consagrar o seu prestixio como investigador.

Compre subliñar que todo o traballo realizado no terreo lingüístico vai encamiñado a facer do galego a lingua normal da nación, e por iso é perfectamente consciente de que a loita pola recuperación do idioma non é labor puramente filolóxico, ("o idioma é unha cousa demasiado seria para ser confiado eselusivamente aos especialistas", escribeu nunha

ocasión, como lles acontece a moitos, senón político e así o reflexa nun dos seus últimos traballos: "Non vemos a Galiza falando noutra lingua que o galego. Claro que este ideal implica problemas de organización, debidos ao estado en que a lingua se atopa, á presenza social do castelán e á existencia dun idioma oficial da Administración central. A resolución destes problemas incumbe aos políticos. Aos estudiosos da lingua corresponde-nos fornecer a información precisa para esa resolución. E facer votos porque os que temos xa calcado desde hai tempo o sarego da vellez, presenciemos, endebén, a reinstauración definitiva - á que todos son convocados con respecto e amor - do galego na vida de Galiza".

Se comparámos a lingua desta cita coa do texto inicial veremos que hai certas diferencias: acentuación daquel é a española e a deste unha máis acorde coa fonética galega, aos demostrativos dialectais (**iste, ista, ise, isa**) substituímos do galego común (**este, estes**) desaparecen as formas reducidas (**espírito, pra**), os vulgarismos (**sirífica, innegables**) e os diferencialismos arcaicos, vulgares ou hiperxenbristas (**ren, verbas, convencional, estormento**).

Isto quer decir que todos estamos obrigados a mellorar constantemente o noso idioma, liberándoo da influencia que sobre el exerce o español, fuxindo das ideas de certos colonizadores, que se resisten a deixar de selo, de que o único galego é o que fala pobo e de que eles non teñen que melloralo porque xa teñen carnet de galego-falantes, pois o que están a facer é aplicar a un idioma oprímido como o noso os criterios que se aplican ás linguas perfectamente normalizadas. Mais isto non supón que haxa que anatemizar en nome do purismo a todos os que procedendo de meios fortemente españolizados comezan a facer un uso consciente do idioma, pero cheo de vulgarismos, castelanismos ou hiperxenbrismos, que responde ben ao descoñecemento, ben ao mecanismo de defensa fronte a lingua agresora.

## LENDAS E COSTUMES DA TERRA GALEGA

Moitos anos hai que houbo costumes na nosa terra que foron fuxindo, porque a civilización, ca luz acesa da cultura, foron facendo que as xentes se foran dando conta da ignorancia en que vivían xó que teñan por certo as centurias doutros tempos.

Quen ignora a farsúa da Santa Compañía, que nas derradeiras horas da noite andaba polos terreos e camiños cuberta cunha saba e unha vela encendida, facendo soar fortemente unha campaiña. Os paisáns entón fuxían tremosos, coa creencia de que era algunha alma en pena, pra que lle fizesen misas pra seu alivio eterno. A tembre Compañía por moito tempo estivo no seu apoxeo, astra pra roubar o que lle viña á mar. Mais dunha vezesta farsúa, unisma a rolleron mozos valentes que lle romperon en apacos a saba, dando lle fortes vergaileiras, pidíndolles que a

deixaran, que non volvería facer máis o feito. Así, estas lendas de opresivo feitío foron ficando á forza de malleiras. Vese algo disto agora...? Sobre a Santa Compañía hai moitas faladurías, o insigne Castela, en dibuxos e teimas á norma, o mesmo que o bruxo e bon literato Xosé Castro Viejo, iste é o que mellor desta famosa Compañía fai entre outras unha famosa sembranza, á que se tiña creído que nas noites ferás de inverno ou de luar craro mimaba o seu espírito na paisaxe melancónica. Despois de todo isto, falemos das tradicións que se fan na nosa terra, entre elas aló no axuntamento das Neves (Ribadavia), contos de paisáns e os sentires traen o pensamento da morte. Chegando á lugar conoído por Santa Marta de Ribarteme, que celebra a súa romaxe o 29 de xullo, na lembranza milagrosa irmá de Lázaro que Xesucristo resucitou, e que morreu no ano 70 da nosa era; O feito é o seguinte: leván os ofrecidos, que

pola intervención dela liberaron da morte e das doencias que tiñan, nunha caixa cal cadavre astra a eirexa de San Xosé, entre longas velas e aparellos co hábito da mortalla con moita fe de xionillos. As caixas van collidas entre catro por parentes e veciños. Estes difuntos leván baixo o canto fúnebre ó son do lamento das compás e dunha charanga que toca arredor do adro; saíndo delas axiña, van en silandeira procesión collidos nos brazos dos que os leváron na mortalla. A xuntanza a cera é moita, con moedas de prata con billetes suxeitos á bíblica Santa Marta, á que teñen moita estima.

Así é a nosa terra! ¡Que non pode esquecer polas raíces que leva no espírito de fe e de esperanza, que dunha a outra xeración son patrimonio vivente, e que naide pode arricar por levado no sangue das veas!

ANTONIO PRADO DIAZ

## OS MARIÑEIRO

Nun pobo, nas veiras do mar, de nome que acó non interesa, había uns homes que tiñan como única fonte de vida un barquiño e unhas redes.

Estes homes eran probes. Amais o pobo non era moi desenrolado tanto na industria como na cultura.

Eran homes rexios, rufos, fortes. Homes que non tiñan máis ilusión ca de ver aos seus fillos nunha mellor vida. O mar curralles a cara, as mans, o corpo enteiro. Pro un deles que era o máis alento de todos eles o espírito decaía que tiña que haber mellor vida ca esa que arrastraban.

Sempre lle decía ao mais vellos dos homes:

- Señor, usté viu algunha vez unha gran ciudadá?
- Si, si que a vin.
- E como era?
- Pois do pouco que me lembro, xa que me esqueceu case todo... Verás...

éranche as casas tan altas coma cinco casas nosas unha enriba da outra. E había xente coma formigas. Tamén me acordó dunhas cousas que facían moito ruído e tiñan catro rodas. E cousas que podían levar mais leña que catro carros xuntos.

- E que máis?

- Non me lembro. Pero ti non penses en ir, pois non hai pior vida ca esa. Eche mellor a que agora tes.

Pro o rapaz non escoitou ese consello e foise pra ciudadá.

O cabo de 2 anos voltou ao pobo case morto de cansancio e acabando as derradeiras forzas que lle quedaban metuse na praia e zambullíuse nas augas morrendo case no intre.

O vello que eso viu dixó pra se mesmo:

- O mar é duro, pro non trocaría ningún día da miña vida pra acabar coma este rapaz.

Emilio Xosé Insua (13 anos)  
VIVEIRO





# A NOSA TERRA

## CREATIVIDADE, ARTE E PSICOLOXIA



(O noso agradecemento os artistas que fixeron posíbel a I MOSTRA DE OUTONO DE PINTURA E ESCULTURA GALEGA CONTEMPORANEA)

*"Diante do problema do artista creador o psicoanalise debe baixar o brazo".*

S. FREUD

Si certo e cunha certa ambigüidade pode atoparse en Freud a propósito da arte, da cultura, así como de certo tipo de consideracións de carácter espiritual, podemos lembrar, constatar en el unha sensibilidade estética extraordinaria así como unha fascinación exercida sobre certas obras de arte. En efecto, na recopilación dos cinco ensaios escritos por Freud entre os anos 1907 e 1928 e que configuran a súa labora sobre a obra "PSICOANÁLISE DA ARTE" Freud sinala que "mesmo que a esencia da función artística non é fácil de acadar psicolóxicamente, e fundamental profundizar nos condicionamentos e propósitos que inconscientemente dinamizan o traballo do pintor, escultor ou escritor".

No extraordinario estudo do "MOISES" de Michelangelo, Freud amostranos un Moises nunha aptitude de cólera contida interpretando a proxección do problema interior do autor en revolta contra o papa Xulio II, ofrecendonos, quizais o derradeiro significado desa prodixiosa obra. No estudo "UNHA LEMBRANZA INFANTIL DE LEONARDO DA VINCI", Freud pon o descuberto grazas ao análise dos primeiros anos da vida do xenial artista e investigador, as claves da súa complexa e enigmática personalidade, establecendo unha relación entre a obra estética e a biografía do autor, como proba dunha aportación clínica con posibilidade diagnóstica. Neste senso o que fai Freud e comparar a produción artística co material que recolle dos sonhos, material que nos dous casos procede do inconsciente para espresarse e transformarse segundo as leis dos mecanismos psicolóxicos (condensación, simbolización, etc.). Así unha anécdota da primeira infancia do clásico alemán Goethe, consignada en "POESÍA E VERDADE", serviulle a Freud, para falar dalguns fundamentais rasgos do carácter do escritor. O análise dos irmáns Karamazov, no estudo sobre "DOSTOIEVSKI E O PARRICIDIO" así como da biografía do seu autor permitiulle a Freud facer elucubracións sobre a existencia de elementos neuróticos e sadomasoquistas no xenial Dostoevski. Tamén no análise "DO DELIRIO E SONOS NA GRADIVA DE W. JENSEN" confirma a tese freudiana de que todos os poetas dignos de este nome consideraron como a súa misión verdadeira a descripción da vida psíquica dos homes, chegando a ser en non poucas vezas, precursores da ciencia psicolóxica.

A carón dos chamados "métodos psicoterapéuticos introspectivos" (onde o psicoanalise freudiano clásico e o tipo de referencia máis caracterizado), debemos considerar a importancia dos denominados "métodos prospectivos" onde a "CREATIVIDADE" e unha manifestación esencial da vida que traduce un desexo de perseveración fronte a morte que caracteriza o home ligado a súa especie. A tendencia creativa, afirmase dalgunha maneira, a

partires dun conflito entre as pulsións máis elementais e os obstáculos e prohibicións a satisfacción inmediata. É unha solución positiva que apunta as realizacións concretas, onde a gratificación narcisista secundaria atopárase a partires do obxecto creado. Unha comparación semellante resulta na fisioloxía vexetal cando contemplamos a gratificación da arbre favorecida pola poda das súas ponlas.

Desde outra perspectiva, a creatividade encádrase no eterno combate do amor e a morte que a pesares de que se opoñen, non por iso acadan o seu anulamento, senon todo o contrario, isto é, evolución, maduración e progreso.

No feito creativo, trátase de diferenciar o que é a "creatividade pura" da "acción creativa". A creatividade pura é unha función ou tendencia máis ou menos desenvolada, pero presente en todos os individuos como defensa, sen que teñamos que confundila coa espontaneidade, das limitacións, do conformismo, das condutas programadas e da alienación esterilizante dunha forma desviada de civilización. Pola contra a denominada "acción creativa" supón o enfrentamento do principio do pracer coa realidade e as súas contrariedades. A consecución e a produción dun obxecto, trátase dun obxecto visíbel ou palpábel tanto como dun texto escrito obra a contemplar, escoitar ou apreciar.

De calquera maneira, a realización obxectiva comporta un envolvimento afectivo que a través e pola me-

diación do obxecto artístico acadase unha comunicación cos demais. Psicolóxicamente, sábese ca comunicación cos demais a través da creatividade utilizando os medios artísticos, aporta unha dimensión moi particular a finalidade terapéutica.

A utilización terapéutica da expresión plástica, é un feito incontestábel. Nos nenos p. ex. o dibuxo é un medio de expresión natural no estudo psicolóxico. O dibuxo dos nenos aparece como un medio útil para mellor comprensión da súa personalidade. Así o entenderon Ana Freud, Melaine Klein, Françoise Dolto, entre outros autores, como medio de comunicación privilexiado nos tratamentos psicoterapéuticos. Nos enfermos adultos, certo tipo de problemas que bloquean a súa expresión verbal, a pintura ou escultura poden conseguir unha outra forma de desinibir o seu estado patolóxico. As pinturas simbólicas e particularmente non figurativas contribuen o progreso da terapéutica preparando o "eu" para permitir o material inconsciente de tornarse maduro para expresión verbal.

Retomando a Freud, si a calidade artística e grande, a obra inscribíse no cadro dunha realidade obxectiva e comunicativa tal cos elementos simbólicos sono para os outros como pro propio autor.

CIPRIANO LUIS JIMENEZ CASAS

